

## **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE ABRIL DE 2015**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais e don Jesús Bao Bouzas, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU; dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Faise constar que dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, de EU, chega cando son as vinte horas e dez minutos, durante o debate do punto 2.2 da orde do día.

Non asisten, con escusa, dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE, e dona M<sup>a</sup> Eugenia Mantiñán Méndez, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 16 de febreiro de 2015 e á sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 16 de febreiro de 2015 e á sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2015.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, dezasete concelleiros na sesión extraordinaria do día 16 de febreiro de 2015 (sete concelleiros do PP, catro concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, un concelleiro de EU, un concelleiro do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) e dezaioito concelleiros na sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2015 (sete concelleiros do PP, catro concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, un concelleiro de EU, dous concelleiros do BNG, o concelleiro de PdeC e o concelleiro do PGD) aproba os citados borradores.

## **2. PARTE RESOLUTIVA**

### **2.1. Proposta de aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 1/2015**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de abril de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que é o primeiro expediente de xeración de crédito do ano 2015, por importe de 23.325,49 euros que ten por obxecto o pago das obras de acondicionamento da despensa municipal de alimentos e a dotación de mobiliario á dita despensa.

As baixas prodúcense na aplicación 011.310 Xuros, que se tiñan orzamentado no 2014 para unha operación de tesourería e, polo tanto, pode producirse esa baixa sen deterioración do servizo. O informe de Intervención é favorable e non se pon en risco a estabilidade orzamentaria nin a capacidade financeira.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que no ano 2011, no pleno de setembro, o grupo de EU, consciente das carencias e dos problemas que existían en moitas familias de Cambre, que precisaban axudas para chegar a fin de mes, presentaron unha iniciativa no sentido de dotar a Cambre dun banco de alimentos. Esta tarefa estiman que foi levada a bo porto, e están convencidos de que os resultados foron satisfactorios e tamén de que é positivo para moitas familias de Cambre que o están a pasar moi mal.

Nese sentido, e logo de ver a memoria presentada pola concelleira responsable, o seu grupo valora moi positivamente o labor que están facendo os voluntarios e voluntarias, que están traballando dun xeito completamente altruísta no servizo ás persoas menos favorecidas de Cambre. Pero tamén pensan que no futuro deberíase regular doutro xeito como se están facendo as funcións, sobre todo dos voluntarios, porque estiman que non se pode suplir un traballo que corresponde aos propios funcionarios, e que nalgúns casos, e así llelo transmitiron os propios funcionarios, o están facendo eles. Por iso cren que debería regularse nun futuro, porque hai traballos que corresponde facelos á propia administración e aos seus propios traballadores.

Conclúe dicindo que o grupo de EU evidentemente non vai votar en contra desta proposta, vai votar a prol, pero si lles gustaría que se tiveran en conta esas apreciacións que fai o seu grupo.

O Sr. alcalde agradécelle a intervención e di que toman nota da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, o concelleiro presente de EU e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dez votos a prol, acordou:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2015 por importe de 23.325,49 euros co seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria |                          | Crédito anterior | Crédito extraordinario | Baixas por anulación | Crédito definitivo |
|-------------------------|--------------------------|------------------|------------------------|----------------------|--------------------|
| 011.310                 | Xuros                    | 160.000,00       |                        | 23.325,49            | 136.674,51         |
| 231.622                 | Edificios acción social  | 0,00             | 18.161,40              |                      | 18.161,40          |
| 231.625                 | Mobiliario acción social | 0,00             | 5.164,09               |                      | 5.164,09           |
|                         | Totais                   | 160.000,00       | 23.325,49              | 23.325,49            | 160.000,00         |

Imputándose a modificación da aplicación “231.622 Edificios acción social” ao proxecto “2014-4-231001 Acondicionamento de local para despensa de alimentos”, e o da aplicación “231.625 Mobiliario acción social” ao “2015-4-231000 Mobiliario despensa municipal de alimentos”.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

## **2.2. Proposta de aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 1/2015**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de abril de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata de incorporar ao orzamento deste ano a concesión do Plan de aforro e investimento da Deputación provincial da Coruña, por un importe de 305.372,22 euros, que se vai destinar a varios conceptos. En primeiro lugar a reducir a débeda na operación de préstamo coa entidade Banco Pastor, por importe de 82.475,78 euros e, en segundo lugar, a realizar a obra de renovación de redes de servizo e seguridade viaria en Freande e Pravio, consistentes en saneamento, abastecemento, pluviais e senda peonil, por importe de 222.896,74 euros.

Trátase basicamente de dar cumprimento ao acordo plenario de data 16 de febreiro, polo que se acorda incorporar esta operación de préstamo e someterse ás bases da Deputación, cuxa execución, ademais, ten que estar terminada a data de 31 de outubro.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como ben se dixo pola concelleira de Economía e Facenda, no pleno do 16 de febreiro aprobouse o Plan de aforro e investimentos por importe de 305.000 euros. O PSdeG-PSOE votou a prol, entendendo que as obras que se queren executar con cargo a ese préstamo son necesarias e imprescindibles, en concreto en Freande e en Pravio, polo que, en consonancia co que se votou no seu momento favorablemente, tamén van votar a prol desta proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles, igual que nas comisións, vanse abster neste punto.

Cando son as vinte horas e dez minutos incorpórase á sesión dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este tema foi un dos problemas que máis veces ten vido a este pleno, polo menos a iniciativa do grupo de EU, o tema da seguridade viaria na estrada AC-214, sobre todo de Cambre a Pravio, sen deixar outros lugares como é Cecebre ou a parroquia de Sigrás. Lamenta, neste caso, que esta obra non sexa executada pola administración a quen lle corresponde a titularidade da estrada, que é a Xunta de Galicia. Co Plan de aforro e investimento da Deputación o que están é limitando a capacidade de investimento que pode ter o Concello de Cambre para destinar a outras cuestións tamén importantes, o Concello de Cambre prívase de facer outro tipo de investimentos.

Por outra parte tamén lles gustaría que lles informaran de en que situación se atopa este proxecto, que está previsto que se remate o 31 de outubro.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe contesta que ela simplemente quere rectificar, porque antes dixo que tiña que estar executado o 31 de outubro, e foi un erro, é o 1 de outubro de 2015. Respecto do estado do proxecto di que mellor lle pode contestar o concelleiro de Obras, porque terá máis información que ela.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que está en proceso de contratación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por quince votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/2015, financiado co préstamo concedido pola Deputación Provincial da Coruña dentro do PAI, co seguinte detalle:

| Aplicación orzamentaria |   | Crédito anterior | Suplemento de crédito | Crédito definitivo |
|-------------------------|---|------------------|-----------------------|--------------------|
| 011.913                 | Amortiz. préstamos medio e longo prazo forma sector público | 528.489,35       | 82.475,48             | 610.964,83         |
| 1532.619                | Pavimentación viais públicos urbanos e outras               | 552.620,56       | 222.896,74            | 775.517,30         |
| Totais                  |   | 1.081.109,91     | 305,372,22            | 1.386.482,13       |

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

### **2.3. Proposta de aprobación do expediente núm. 3/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de abril de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que se trata do terceiro expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores do ano 2015, por un importe de 14.080 euros. Basicamente trátase de facturas que se teñen presentado fóra do exercicio e que se corresponden a servizos prestados no ano 2014.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta se son as últimas facturas do ano 2014. Entende que non haberá xa máis pendentes de traer.

O Sr. interventor explica que pode que aínda se rexistre algunha de entrada do ano 2014.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se adoita pasar que despois de cinco meses sigan chegando facturas do ano 2014. Di que é unha pregunta, que el non o sabe. Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que eles, no mesmo sentido que veñen facendo sempre nestes casos, cando se presentan facturas, considerando que as persoas que fixeron os traballos deben cobrar polo traballo realizado, e tendo en conta os informes favorables, van facilitar a súa aprobación co seu voto e vanse abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

**Primeiro:** Aprobar o expediente número 3/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 14.080,43 euros, correspondente ás seguintes facturas:

| Núm. Factura   | Data       | NIF       | Nome / Denominación social               | Importe  |
|--|------------|-----------|--|----------|
| Concepto factura   |            |           |  |          |
| 196/14   | 28/11/2014 | B70089370 | CAMBRE OCIO, S.L.                        | 418,84   |
| SERVIZO MONITORADO PROXECTO RÍOS II FASE: DO 20 AO 22 NOVEMBRO 2014  |            |           |  |          |
| 131/2014   | 29/12/2014 | B15359383 | AUGASERVI S.L.                           | 664,75   |
| INSTALACIÓN E REPARACIÓNS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS: 2º SEMESTRE 2014   |            |           |  |          |
| F.M.142096   | 30/11/2014 | J15702640 | EXTINTORES SEGMA, S.C.                   | 2.686,20 |
| MANTEMENTO SEMESTRAL EXTINTORES E BOCAS DE INCENDIO CONCELLO ANO 2014  |            |           |  |          |
| F.M.142271   | 26/12/2014 | J15702640 | EXTINTORES SEGMA, S.C.                   | 203,28   |
| MANTEMENTO EQUIPOS CONTRA INCENDIOS: ESCOLA INFANTIL APEADERO E LOCAL SOCIAL GARRULAXE (30/10/14), CENTRO MUNICIPAL FORMACIÓN (10/12/14) |            |           |  |          |
| 03257  | 18/12/2014 | B15794209 | J.M. REGUEIRO INFORMATICA                | 496,10   |
| SUBMINISTRO 2 ORDENADORES HP (INFORMÁTICA)   |            |           |  |          |
| 14/981   | 22/09/2014 | B15271042 | PROTEL SISTENAS DE SEGURIDAD, S.L.       | 1.569,98 |
| INSTALACIÓN SISTEMA DE SEGURIDADE E CONEXIÓN A CENTRAL RECEPTORA DO 01/10/14 AO 30/09/15 COLEXIO W.F.FLÓREZ                              |            |           |  |          |
| 010  | 10/12/2014 | G15861115 | ASOCIACION ANTIGUOS TUNOS CORUÑESES      | 4.000,00 |
| ACTUACIÓN GRUPO AMIZADES EN PARQUE IGREXA FESTAS CAMBRE 2014 (15/08/14)  |            |           |  |          |
| 010/2015   | 27/01/2015 | B15856339 | PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U.          | 729,55   |
| SERVIZO COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAUDE OBRA RENOVACIÓN FIRME EN RÚAS MONIER, ZEPPELING E MARCONI EN P.I.ESPÍRITU SANTO                  |            |           |  |          |
| 011/2015   | 27/01/2015 | B15856339 | PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U.          | 815,02   |
| SERVIZO COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAUDE OBRA RENOVACIÓN FIRME EN RÚAS MONIER, ZEPPELING E MARCONI EN P.I.ESPÍRITU SANTO                  |            |           |  |          |
| 008/2015   | 27/01/2015 | B15856339 | PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U.          | 121,00   |
| SERVIZO COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAUDE OBRA ADAPTACIÓN NORMATIVA ACCESIBILIDADE ANFITEATRO PARQUE IGREXA                                |            |           |  |          |
| 117/014  | 21/11/2014 | B70084272 | DINAMO XESTION ACT.SOCIOCULT.,S.L.(EMBAR | 453,75   |
| ORGANIZACIÓN XORNADA PESCA PARA GRUPO OCIO DISCAPACITADOS  |            |           |  |          |
| 01/15  | 08/01/2015 | G15487838 | ADAFAD                                   | 196,00   |
| HONORARIOS INTERVENCIÓNS EN PROGRAMA ESCOLA PAIS E NAIS: CEIP W.F.FLÓREZ (10/11/14) E CASA CULTURA - VILA CONCEPCIÓN (01/12/14)          |            |           |  |          |

|  |            |           |                        |           |
|--|------------|-----------|------------------------|-----------|
| F/46-14  | 24/10/2014 | J27743152 | MAIS QUE BRINCOS, S.C. | 977,08    |
| ALUGUER 2 INCHABLES E EQUIPO SONIDO TEMPLE STOCK: 4-5 OUTUBRO 2014                         |            |           |                        |           |
| 18402033   | 29/12/2014 | B33660440 | SANIPLAST, S.L.        | 28,88     |
| SUBMINISTRO CÓBADO E TUBERÍA SANEAMENTO OBRA COSTA DA TAPIA                                |            |           |                        |           |
| A/266  | 10/06/2014 | B15751548 | NOVOS VIEIROS, S.L.    | 720,00    |
| SUBMINISTRO 3 VOLÚMENES TOMOS 47 E 48 GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA PARA BIBLIOTECAS MUNICIPAIS |            |           |                        |           |
| Total  |            |           |                        | 14.080,43 |

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.

**2.4. Proposta de estimación, se procede, dos recursos de reposición interpostos contra o acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015, no que se rexeitou a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores**

Vista a proposta de Alcaldía do día 24 de abril de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Estimar o recurso de reposición presentado por don Arturo Míguez Corral, en representación de Automóviles Sigrás Carral S.A., fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 451,85 euros, correspondente ás seguintes facturas:

| Núm. Factura   | Data       | NIF       | Nome / Denominación social     | Importe |
|--|------------|-----------|--------------------------------|---------|
| Concepto factura   |            |           |                                |         |
| 878/A  | 11/12/2014 | A15049943 | Automóviles Sigras Carral S.A. | 304,01  |
| SERVIZO TRANSPORTE COLEXIO SIGRÁS A FRIOL E SOBRADO E REGRESO (11/12/14) |            |           |                                |         |
| 896/A  | 12/12/2014 | A15049943 | Automóviles Sigras Carral S.A. | 147,84  |
| SERVIZO TRANSPORTE COLEXIO PORTOFARO A MUSEO FENOSA E REGRESO            |            |           |                                |         |

Segundo: Estimar o recurso de reposición presentado por dona Mónica Novo Freire, fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 150 euros, correspondente á seguinte factura:

| Núm. Factura   | Data       | NIF       | Nome / Denominación social | Importe |
|--|------------|-----------|----------------------------|---------|
| Concepto factura                                     |            |           |                            |         |
| 266 A/14   | 10/12/2014 | 32790055J | Mónica Novo Freire         | 150,00  |
| IMPARTICIÓN CHARLAS PREVENCIÓN ESCOLA DE PAIS E NAIS |            |           |                            |         |

Terceiro: Estimar o recurso de reposición presentado por don Jorge Traspuesto Lemos, en representación de “El Corte Inglés S.A.”, fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 93,55 euros, correspondente á seguinte factura:

| Núm. Factura  | Data       | NIF       | Nome / Denominación social | Importe |
|---|------------|-----------|----------------------------|---------|
| Concepto factura  |            |           |                            |         |
| 95367542  | 12/12/2015 | A28017895 | El Corte Inglés S.A.       | 93,55   |
| REVISIÓN ANUAL EQUIPOS RESPIRACIÓN POLICÍA LOCAL E SUBMINISTRO REPOSTOS MANÓMETRO |            |           |                            |         |

Cuarto: Estimar o recurso de reposición presentado por don Luis López Sousa, en representación de Aluminios Quintela S.L., fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 36,30 euros, correspondente á seguinte factura:

| Núm. Factura                                     | Data       | NIF       | Nome / Denominación social | Importe |
|--|------------|-----------|----------------------------|---------|
| Concepto factura                                 |            |           |                            |         |
| 301/14   | 06/11/2014 | B15531155 | ALUMINIOS QUINTELA, S.L.   | 36,30   |
| SUBSTITUCIÓN PERSIANA CENTRO MUNICIPAL FORMACIÓN |            |           |                            |         |

Quinto: Estimar o recurso de reposición presentado por dona M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Mella, en representación de “Casa Celia”, fronte ao acordo do Pleno da Corporación adoptado en sesión ordinaria do 29 de xaneiro de 2015 de rexeitar a proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, e aprobar o recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 50 euros, correspondente á seguinte factura:

| Núm. Factura                                       | Data       | NIF       | Nome / Denominación social                | Importe |
|--|------------|-----------|---|---------|
| Concepto factura                                   |            |           |   |         |
| F001/4465  | 12/12/2014 | 32369829C | M <sup>a</sup> del Carmen Fernández Mella | 50,00   |
| SERVIZO RESTAURACIÓN EDUCACIÓN (2 MENÚS PAPA NOEL) |            |           |   |         |

## **2.5. Aprobación, se procede, das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas – Programa Cambre Emprende 2015**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de abril de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que o que se trae a aprobación son as bases da cuarta convocatoria do Programa Cambre Emprende, que ten como obxectivo incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica no municipio no momento crítico de inicio da actividade, que é basicamente o primeiro ano.

As diferenzas desta convocatoria respecto das anteriores é que se mellora o procedemento para que teña unha maior axilidade, a dotación orzamentaria é de 60.000 euros, a subvención abarca as altas que se teñan producido no réxime de traballadores autónomos, ou ben na mutualidade dos colexios profesionais, dende o 1 de xullo do 2014 ao 31 de xuño do 2015, e amplíase o período de cobertura da subvención, que pasa de financiar os 6 primeiros meses das cotas, a financiar o primeiro ano completo.

Conclúe dicindo que a subvención outórgase en réxime de concorrència non competitiva e é polo 100% das cantidades efectivamente aboadas. Os requisitos e a documentación a presentar están claramente especificados nas bases, así como os anexos que acompañan ás solicitudes e ás bases.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2014, así como os modelos de solicitude, tal e como se transcriben a continuación:

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS PROGRAMA CAMBRE EMPRENDE 2015**

### **Base 1<sup>o</sup>: Disposición xeral**

- 1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa "Cambre Emprende", ten por obxecto incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V "Subvencións" das bases de execución do orzamento prorrogado para o exercicio 2015 do Concello de Cambre.
- 1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:
  - a) Publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.
  - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
  - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- 1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego",
  - 2015 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego", por importe de 45.000,00 euros.
  - 2016 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego", por importe de 15.000,00 euros.

En calquera caso, a concesión de subvencións ou o recoñecemento das contías que correspondan no exercicio 2016 quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal.



## **Base 2º: Obxecto e persoas beneficiarias**

### **2.1) Obxecto**

A finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre, con independencia da súa forma xurídica, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Ao abeiro do programa Cambre Emprende 2015, as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou a algunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalicen desde o 1 xullo de 2014 ao 30 de xuño de 2015, ambos os dous incluídos.

Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva. As solicitudes tramitaranse ata esgotar o crédito aprobado para a convocatoria.

### **2.2.) Persoas beneficiarias:**

2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- Que estean desempregadas no momento de iniciar a actividade empresarial:
  - o Entenderase por **persoa desempregada** a que careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, segundo o certificado de non inscrición da mutualidade do colexio profesional, o día anterior á data da súa solicitude de alta no RETA da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.
  - o Entenderase como **data de inicio da actividade empresarial** a da solicitude de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.
- Que se dean de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ben como autónomos/as colaboradores/as ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís.
- Que desenvolvan a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
  - o En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre.
  - o En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea no termo municipal de Cambre.
- Que desenvolvan esta actividade como mínimo durante dezoito meses, que se contará a partir do día de efectos de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional de que se trate.
- Que non desenvolvesen como traballadores/as autónomos/as:
  - o A mesma ou similar actividade en Cambre durante os seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE.
  - o Calquera outra actividade en Cambre nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Que non teñan recibido a subvención ao abeiro das convocatorias anteriores do Programa Cambre Emprende.

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, e no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, terse declaradas en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

2.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, de 4 de agosto.

### **Base 3º: Tipo de subvención e contía**

As axudas subvencionarán ata o 100% das cotas efectivamente pagadas nos 12 primeiros meses naturais do exercicio da actividade correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, tomando como referencia a base mínima de cotización para cada anualidade do RETA, 2014, 2015 ou 2016 segundo corresponda, ata o esgotamento dos fondos.

Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

### **Base 4º: Concorrenza con outras subvencións**

Esta subvención é incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial outorgada por outras institucións, e, nomeadamente, cos pagamentos das cotas do RETA ou da mutualidade de colexio profesional do que se trate a través da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

### **Base 5º: Solicitudes, documentación e prazo**

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao/á Alcalde/sa do Concello de Cambre e presentaranse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, o 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberanse presentar no modelo normalizado "Solicitud" que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas do orixinal ou copia compulsada de:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante debidamente compulsada.
- b) CIF e contrato de constitución, no caso de sociedades non mercantís.

- c) CIF e escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís, xunto co poder da persoa que asina a solicitude no nome da sociedade.
- d) Declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036 e/ou 037) e, se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas.
- e) Documento de solicitude e resolución e recoñecemento da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponde.
- f) Informe actualizado de vida laboral.
- g) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social e autorización ao Concello de Cambre á obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e co Concello de Cambre, segundo o modelo normalizado do anexo II.
- h) Se a actividade se desenvolve a través de sociedade, sexa cal sexa a súa forma xurídica, deberá presentarse a autorización da comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias pola persoa xurídica, asinada polo representante desta.
- i) Declaración compresiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do anexo III.
- j) Memoria económica do proxecto empresarial, asinada pola persoa solicitante, que inclúa o orzamento do investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo normalizado do anexo IV ou calquera que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- k) Relación numerada e ordenada cronoloxicamente dos pagamento subvencionados, segundo o modelo normalizado do anexo V.
- l) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos aboadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate ou, no seu defecto, recibos bancarios de pagamento das cotas do RETA ou da mutualidade profesional da que se trate, orixinais ou fotocopias compulsadas.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 15 de xullo de 2015.

#### **Base 6º: Autorizacións**

6.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá expresamente autorización ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello de Cambre como responsable dos ficheiros, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### **Base 7º: Procedemento de concesión, instrución e tramitación.**

7.1. O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

7.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

#### **Base 8º: Concesión da axuda. Resolución e recursos**

8.1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións será o/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 6 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Base 9ª .- Xustificación.**

Os/As beneficiarios/as, unha vez notificada a resolución de concesión, e de non telo feito coa solicitude, presentarán no rexistro de entrada do concello o modelo normalizado de xustificación, co fin de acreditar o cumprimento periódico dos requisitos establecidos para a concesión, que conterà:

- Relación numerada e ordenada cronoloxicamente dos pagamento subvencionados, segundo o modelo normalizado do anexo V.
- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das cotas de autónomos aboadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate ou, no seu defecto, recibos bancarios de pagamento das cotas do RETA ou da mutualidade profesional da que se trate, orixinais ou fotocopias compulsadas.
- Modelo de designación de conta bancaria.

En todo caso, e **ineludiblemente, antes de que finalice o mes seguinte ao pagamento da última cota de autónomos ou da mutualidade obxecto da subvención, deberán** achegar a documentación xustificativa referida no paragrafo anterior, no caso de non terse presentado con anterioridade, no rexistro de entrada do concello, do modelo normalizado de xustificación, co fin de acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos para a concesión.

#### **Base 10ª. Pagamento**

Previa comprobación da documentación xustificativa presentada e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo do informe proposta dos servizos técnicos e concellería responsable, así como da fiscalización realizada pola intervención municipal, o/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a competente, aprobará a documentación xustificativa presentada e ordeará o pagamento da axuda.

O concello poderá realizar un pago único por solicitude, ou, se o/a beneficiario/a presenta xustificacións periódicas, ao longo do período dos 12 meses subvencionados, poderá realizar pagos a conta de contía equivalente á xustificación presentada.

O aboamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da persoa beneficiaria que esta sinale

#### **Base 11º: Obrigas das persoas beneficiarias**

- a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante **un tempo mínimo de dezaoito meses** salvo por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No caso de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ante o Concello de Cambre no mes posterior a dita baixa.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
- c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- d) Conservar os documentos xustificativos relativos á subvención, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

#### Base 12º: Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

#### Base 13º: Revogación e reintegro

13.1. Procederá a revogación da axuda, así como reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.2. Procederá o reintegro total da axuda percibida ao abeiro da segunda destas bases de non cumprir o beneficiario a súa obriga de manter a actividade durante **dezaoito meses**.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

#### Base 14º: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base undécima, apartado a) deste programa.

### ANEXOS



SOLICITUDE (ANEXO I)  
CAMBRE EMPRENDE

Departamento Axencia de Desenvolvemento Local  
981 61 31 96/28 adl@cambre.org

#### SOLICITANTE

|                 |                 |
|-----------------|-----------------|
| Razón social    | C.I.F.          |
| Apelidos e nome | D.N.I. / N.I.E. |
| Dirección       |                 |

|          |                    |           |
|----------|--------------------|-----------|
| C.P.     | Localidade         | Provincia |
| Teléfono | Correo electrónico |           |

- Empresa individual    
 Sociedade civil / comunidade de bens    
 Outras Sociedades

### DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

|                 |              |
|-----------------|--------------|
| Apelidos e nome | D.N.I./N.I.E |
|-----------------|--------------|

### DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (se é distinto do anterior)

|           |            |           |
|-----------|------------|-----------|
| Dirección |            |           |
| C.P.      | Localidade | Provincia |

### DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE EMPRESA

|                                   |                          |               |
|-----------------------------------|--------------------------|---------------|
| Actividade económica (descrición) | CNAE                     |               |
| Dirección da actividade           |                          |               |
| C.P.                              | Localidade               | Provincia     |
| Teléfono                          | Correo electrónico       |               |
| Data alta seg.social              | Nº inscrición seg.social | Data alta IAE |

### DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada

TITULAR DA CONTA

IBAN DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

|                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

#### PERSOA FÍSICA

- Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E.

#### PERSOA XURÍDICA

- Fotocopia compulsada do C.I.F.  
 Fotocopia compulsada escritura constitución  
 Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade  
 Fotocopia compulsada do D.N.I./N.I.E. da persoa que exerza a actividade

#### COMÚN

- Fotocopia compulsada da declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036-037) e/ou IAE.  
 Fotocopia compulsada do documento de solucitude e recoñecemento da alta na Seg.Social ou análogo  
 Fotocopia compulsada do informe actualizado de vida laboral.  
 Declaración responsable (anexo II)  
 Declaración comprensiva das axudas solicitadas e/ou obtidas (anexo III)  
 Memoria económica do proxecto empresarial (anexo IV).  
 Fotocopia compulsada dos xustificantes bancarios do pagamento das cotas do RETA ou análogo, coa relación numerada de xustificantes (anexo V).  
 Documentación acreditativa de estar ao corrente de obrigas fiscais e de seguridade social.

**Sr/Sra alcalde / alcaldesa do Concello de Cambre**

Quen subscribe solicita a concesión da axuda económica para a creación das empresas do Programa Cambre Emprende e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de \_\_\_\_\_ de 201  
Asdo

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.



**DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II)  
CAMBRE EMPRENDE**

Don/dona \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_

En nome e representación de

Razón Social \_\_\_\_\_, C.I.F.: \_\_\_\_\_

Declaro responsablemente que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base cuarta do programa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnense as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido na base segunda do programa.
- Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- Autoriza ao Concello de Cambre á obtención das certificacións establecidas na base sexta do programa, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e ao Concello de Cambre.
- Autoriza ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Cambre Emprende, nomeadamente a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante o primeiro ano de actividade, conforme o establecido nas bases sexta e decimocuarta do programa.

Cambre, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

ADVÉRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.  
Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

Don/dona \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_

En nome e representación de

Razón Social \_\_\_\_\_, C.I.F.: \_\_\_\_\_

Declaro responsablemente:

- Que para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa, solicitáronse ou obtivéronse as axudas que se relacionan a continuación:

| Axuda | Organismo | Disposición reguladora | Solicitada / Concedida | Ano | Importe |
|-------|-----------|------------------------|------------------------|-----|---------|
|       |           |                        |                        |     |         |
|       |           |                        |                        |     |         |
|       |           |                        |                        |     |         |

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

|   |  |
|---|--|
| Cambre, a ___ de _____ de _____<br><br>Asdo.: _____ | ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.<br>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente". |
|---|--|



### DATOS PERSOAIS

|                 |                    |           |
|-----------------|--------------------|-----------|
| Razón social    |                    | C.I.F.    |
| Apelidos e nome |                    | D.N.I.    |
| Dirección       |                    |           |
| C.P.            | Localidade         | Provincia |
| Teléfono        | Correo electrónico |           |

### DATOS PROFESIONAIS

|  |
|--|
| Profesión  |
| Estudos realizados   |
| Formación relacionada coa actividade empresarial que se vaia desenvolver |
|  |

### EXPERIENCIA PROFESIONAL

| Actividades profesionais realizadas | Por conta allea | Por conta propia | Duración(meses/anos) |
|-------------------------------------|-----------------|------------------|----------------------|
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |
|                                     |                 |                  |                      |

### IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

|                           |          |                     |                      |     |
|---------------------------|----------|---------------------|----------------------|-----|
| Nome da empresa           |          | NIF/CIF/NIE         |                      |     |
| Enderezo                  |          | Localidade          | C.P.                 |     |
| Provincia                 | Teléfono | Fax                 | Enderezo electrónico |     |
| Local do negocio          |          |                     |                      |     |
| En propiedade             |          | En alugueiro        | En traspaso          |     |
| Sen local determinado     |          |                     |                      |     |
| É a súa vivenda habitual? |          | Dimensións do local | É local autorizado?  |     |
| SI                        | NON      |                     | SI                   | NON |

#### Forma de constitución

|  |                     |                     |  |
|--|---------------------|---------------------|--|
| Autónomo/a   | Sociedade mercantil | Comunidade de bens  | Sociedade civil                            |
| Nome da sociedade ou comunidade                                |                     | Número de socios/as | Porcentaxe de participación do solicitante |
| Data de solicitude de alta na seguridade social ou mutualidade |                     |                     |  |

#### Descrición da nova actividade que se vaia desenvolver:

Describa brevemente a actividade da empresa

#### Mercado da nova empresa

Describa brevemente o seu plan de márketing, venda e comercialización dos seus produtos e/ou servizos

#### Recursos humanos

Postos de traballo ó inicio da actividade:

Previsión de incremento de persoal no primeiro ano; perfil:

#### Outros datos de interese

Describa brevemente o plan de riscos laborais, igualdade na empresa, responsabilidade social, etc.



, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e o tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación e que en ningún momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre,

## MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO IV) CAMBRE EMPRENDE

### PLAN DE INVESTIMENTOS

| CONCEPTO  | IMPORTES |
|---|----------|
| Inmobilizado material e intanxible              |          |
| Compra de local                                 |          |
| Acondicionamento de locais                      |          |
| Instalacións                                    |          |
| Ferramenta                                      |          |
| Maquinaria                                      |          |
| Elementos de transporte                         |          |
| Mobiliario                                      |          |
| Equipamentos e aplicacións informáticas         |          |
| Dereitos de traspaso                            |          |
| Outros (especificuense)                         |          |
| SUBTOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A) |          |
| <b>Resto investimentos</b>                      |          |
| Existencias                                     |          |
| Tesouraría                                      |          |
| Outros (especificuense)                         |          |

|                                     |  |
|-------------------------------------|--|
| SUBTOTAL RESTO DE INVESTIMENTOS (B) |  |
| <b>TOTAL (A+B)</b>                  |  |

### PLAN DE FINANCIAMENTO

| RECURSOS FINANCIEROS           | IMPORTE |
|--------------------------------|---------|
| Fondos propios                 |         |
| Préstamos acollidos a convenio |         |
| Outros préstamos               |         |
| Outras formas de financiamento |         |
| <b>TOTAL FINANCIAMENTO</b>     |         |

### CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS

| INGRESOS  | 1º ano | 2º ano |
|---|--------|--------|
| Vendas  |        |        |
| Prestación de servizos  |        |        |
| Outros ingresos   |        |        |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>   |        |        |
| <b>GASTOS</b>   |        |        |
| Gastos de constitución  |        |        |
| Compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos |        |        |
| Arrendamentos   |        |        |
| Servizos de profesionais independentes                            |        |        |
| Publicidade   |        |        |
| Seguros do local  |        |        |
| Subministracións (electricidade, auga, etc.)                      |        |        |
| Gastos seguridade social do promotor                              |        |        |
| Gastos do persoal contratado                                      |        |        |
| Gastos financeiros  |        |        |
| Dotacións por amortizacións                                       |        |        |
| Outros (especificíquese)  |        |        |
| <b>TOTAL GASTOS</b>   |        |        |
| <b>BENEFICIO BRUTO PREVISTO</b>                                   |        |        |
| Impostos  |        |        |
| <b>BENEFICIO PREVISTO</b>   |        |        |

|  |  |
|--|--|
| <p>Cambre, a ___ de _____ de _____</p> <p>Asdo.: _____</p> | <p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.</p> <p>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".</p> |
|--|--|

Para cumprir co art. 5 da lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmaselle que os datos persoais obtidos mediante a cumplimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes de venda ambulante.. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

Don/dona \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_

En nome e representación de

Razón Social \_\_\_\_\_, C.I.F.: \_\_\_\_\_

Presenta os seguintes xustificantes bancarios de pagamento:

| Nº Orde | Mes / ano da cota | Importe | Observacións |
|---------|-------------------|---------|--------------|
| 1       |                   |         |              |
| 2       |                   |         |              |
| 3       |                   |         |              |
| 4       |                   |         |              |
| 5       |                   |         |              |
| 6       |                   |         |              |
| 7       |                   |         |              |
| 8       |                   |         |              |
| 9       |                   |         |              |
| 10      |                   |         |              |
| 11      |                   |         |              |
| 12      |                   |         |              |
| Total   |                   |         |              |

Cambre, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.

Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente".

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

**Segundo:** Aprobar o gasto correspondente ás axudas por importe de 60.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego":

- 2015 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego", por importe de 45.000,00 euros.
- 2016 241 470 "Axudas á contratación fomento do emprego", por importe de 15.000,00 euros

**Terceiro:** Publicar as bases da convocatoria así como os modelos de solicitude no *Boletín Oficial da Provincia*.

## **2.6. Proposta de modificación da Ordenanza fiscal núm. 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles e da Ordenanza fiscal núm. 5, reguladora do imposto municipal sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de abril de 2015.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que cumprindo o compromiso que o grupo de goberno ten cos veciños dende hai xa varios meses, en concreto dende que se realizou a valoración catastral, o que se pretende é neutralizar coa baixada dos tipos impositivos o incremento que se produciu nos valores catastrais tras a última revisión que se fixo no concello.

O que se propón é, respecto do IBI e da plusvalía, a baixada do tipo impositivo para que os contribuíntes non sufran unha maior presión fiscal que a que existía antes de realizar a revisión. En concreto a proposta para o IBI é pasar a aplicar un tipo máis baixo para inmobles rústicos e urbanos, pasar de aplicar o tipo impositivo xeral do 0,65 existente, a un tipo do 0,60, tanto para o IBI rústico como para o IBI urbano. Incrementábase ademais a bonificación existente para familias numerosas, ata o 50% as de carácter xeral, e o 90% para as familias numerosas de categoría especial.

En canto á plusvalía, di que se propón rebaixar o tipo impositivo do 26% actual a un 22%, e rebaixar o coeficiente para o cálculo da base imponible no tramo de 5 a 10 anos, pasando do 3,1% ao 2,5%, así como incrementar ao 75% a bonificación para as transmisións lucrativas por causa de morte.

Conclúe dicindo que esa é a proposta que se trae ao pleno, supón que os demais grupos quixerán debatela, e eles están disposto a facelo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en principio, se lle permiten facer unha precisión ás palabras da concelleira, máis aló do compromiso que tiñan cos veciños, que se intentaban favoreceros debería ter sido non facer a revisión de valores catastrais que fixeron, o que é certo é que o compromiso que tiña o Goberno era para co Pleno á hora de revisar as ordenanzas fiscais e ver de que forma ese desatinado proceso de valores catastrais afectaba ás economías das familias.

Entendían que era necesaria unha revisión total das ordenanzas fiscais, e ese era o compromiso que acadaron nun pleno, compromiso que o primeiro e o único que o ten incumprido, porque no fondo non lle interesa isto o máis mínimo, é o Goberno municipal, que os levou a que estean nesta situación, unha situación en precario en canto aos veciños e unha preocupación en canto ao que vai ocorrer con todo isto. A única medida é a que teñen proposto todos os grupos da oposición, e en concreto o grupo do que se honra ser voceiro, o grupo de socialistas de Cambre, que é baixar o tipo impositivo do 0,65 ao 0,60 na ordenanza de bens inmobles.

Di que esta non é unha proposta que veña directamente por vontade do equipo de goberno, senón que veu dada polas achegas e polo estudo que teñen realizado os técnicos municipais, que entenderon coa baixada do 0,65 ao 0,60 se mantén a estabilidade orzamentaria e a recadación por este concepto cos novos valores catastrais para o ano 2016. Ou sexa, que compromiso do Goberno cos veciños, cero.

Segue dicindo que é máis, o grupo socialista tiña feito unha serie de achegas concretas, buscando unhas modificacións que así se manifestaron por escrito ao Goberno municipal o 4 de febreiro deste ano, e que non tiveron contestación, que non foron estudadas e nas que entre outras cousas se propoñía unha bonificación da

cota tributaria do 95% aos inmobles que puideran resultar propiedade de asociacións que realizan actividades sen ánimo de lucro nas parroquias.

Hai en concreto tres parroquias que teñen asociacións con esas circunstancias, Bribes, Lema e Cecebre, e o Goberno non ten estudado nin feito unha proposta para intentar crear esa bonificación, téñense despachado sen máis con esta proposta de modificación do 0,65 ao 0,60, buscando que os grupos da oposición voten en contra, porque é o que lles interesa.

O Goberno, e así o ten manifestado o Sr. alcalde en reiteradas ocasións tanto aos medios de comunicación como ao Pleno, entendía que a revisión de valores catastrais estaba perfectamente feita, pero se estaba perfectamente feita entón el non entende por que agora din que hai que facer esta baixada do tipo impositivo, baixada que evidentemente é unha forma de paliar os efectos nocivos que esa revisión ten traído a Cambre e aos seus veciños.

Dende o PSdeG-PSOE entenden que, máis aló da vontade presunta e de que el cre que é o que se esconde detrás desta proposta de baixada é que os grupos voten en contra dela, a súa obriga é velar polos intereses dos veciños, velar porque esa preocupación que está hoxe en día presente nos domicilios cambreses, ter que pagar un IBI desproporcionado a partir do ano 2016, quede aclarada, por iso o voto do grupo socialista vai ser a prol, aínda que ao Goberno lle pese. Van votar a prol de que o tipo impositivo baixe do 0,65 ao 0,60, porque van arranxar a situación de moitas familias e vanlles sacar esa preocupación que o Goberno ten xerado.

Evidentemente tamén están a prol da modificación da ordenanza sobre o incremento de terreos urbanos, en concreto a ordenanza de plusvalía, ben entendido que consideran que aquí non se acaba o problema, que haberá que revisar as demais ordenanzas fiscais, tal e como se tiñan comprometido todos os grupos e, por suposto, cando proceda legalmente facer unha nova revisión de valores catastrais, que iso é o que en realidade vai resolver o problema ao que eles e o seu mal goberno ten levado a este municipio, aos veciños.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que el entende, e así se deixou claro, que teñen ata decembro do 2015 para chegar a acordos sobre o tema do tipo impositivo do cal están tratando aquí, é dicir, teñen ata decembro do 2015 para arranxar o que o Sr. alcalde estragou. Agora véndelles como que vén cumprindo os compromisos cos veciños, pero non, e dille que tampouco tiña o compromiso cos veciños de facer unha revisión catastral, nunca falou con ninguén.

Por outra parte, dixo a concelleira que os demais grupos queren debater e que están dispostos a facelo, acaba de dicilo cando terminou a súa intervención. Dille que eles tamén estaban dispostos a debatelo a principios de lexislatura, cando o Sr. Rivas, de forma unilateral, apuraba a que lles fixeran unha revisión catastral, sen importarlle para nada as consecuencias que podía traer, agora, a final de lexislatura, vén aquí como salvándose o cu dicindo que van baixalo.

A el parécelle unha falta de respecto que aten ao próximo Goberno municipal que dentro dun mes vai estar aquí. Dentro dun mes haberá un Goberno novo e unha Corporación nova, el non sabe quen será, pero, dende logo, non se sente capacitado para dicirlle ao próximo Goberno que ten que gobernar cun valor que lle van poñer un mes antes, cando teñen ata decembro para poder decidilo. Cre que non é serio pola súa parte traer esta proposta, e así llo dixeron, e pedíronlle que a deixara sobre a mesa, pero resulta que ten un compromiso cos veciños, que é este, o Plan xeral non, pero isto si, e outras moitas cousas non, pero este si é un compromiso que el ten.

Conclúe dicindo que vaia por diante que UxC está de acordo en que é necesario revisar, por suposto, o tipo impositivo, e seguramente haberá que baixalo, pero tamén entenden que non é o momento, teñen tempo, despois de maio de 2015 ata decembro de 2015 para facelo, polo tanto, van votar en contra.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ela antes de nada quería lembrar que a primeira medida que tomou este alcalde cando agarrou o bastón de mando foi subir o soldo de cada concelleiro 6000 euros. Así comezou esta lexislatura, e con esta ridículísima proposta a terminan. A lexislatura do Sr. Rivas é como unha película de mediodía de Antena 3, comeza cun gran susto e, para xustificar que polo medio non hai nada, pretenden rematala cun final feliz, e de feliz ten moi pouco.

De todas as medidas de pata deste alcalde, quizais unha das que máis repercusión vai ter a longo prazo nos petos de todos é a actualización dos valores catastrais. Para parchear esta faena, esta xogada que lles fixo a todos, agora traen esta proposta, xa lles di que é de verdade para sentarse a rir e non levantarse ata que pasen as eleccións, momento no que agardan que xa se poidan poñer todos un pouco serios neste concello.

Esta proposta é claramente un lavadiño de cara ante os veciños de Cambre. Di que ela era moi traste de pequena, e isto lémbrelle a cando caía da bicicleta e a súa nai lle daba cuspe e lle dicía que seguira para adiante, e ela marchaba, pero co golpe enriba. Esta proposta é o cuspe que lle botan aos veciños, pero o golpe do incremento dos valores catastrais lévano enriba, van sufrilo ano tras ano. De feito, di que a partir de agora vaise referir á rebaixiña, porque isto é unha rebaixiña, unha esmoliña, non chega nin de lonxe para paliar os efectos negativos que ten a suba dos valores catastrais. Hai determinadas medidas que poden tomar dende o concello, xa o teñen falado en moitas ocasións, que poden minorar ese impacto no peto dos veciños, pero hai moitos outros impostos, liquidacións, axudas ou subvencións, como queiran chamalo, que toman como referencia ese valor catastral, e eles no concello non teñen nin un ápice de competencia para paliar eses efectos.

Di que resulta que están, ademais, con esta nova valoración catastral ante datos tan irrealis, que actualmente están xurdindo exemplos de pisos nas zonas urbanas que poden chegar a ter un valor catastral incluso superior ao valor do mercado, e iso, ademais de grave, é ilegal, segundo sentenza de setembro do ano pasado da Audiencia Nacional.

O que ocorre é que está todo tan recente, esa valoración está tan recente, que ata o de agora non houbo tempo para sufrir as consecuencias reais desa medida do Sr. Rivas, pero todo vai chegar co tempo, tamén llo advirte, e co tempo pode chegar a encontrarse algún veciño que se vexa na necesidade de vender o seu piso por debaixo do valor catastral, e nese momento ese veciño vai poder denunciar a este alcalde. Ela, a nivel xa de recomendación, dille que non estaría de máis que revisara a xurisprudencia recente porque igual non lle sae tan barata esta decisión.

Continúa dicindo que con independencia desa esmoliña do 5% e o tema da plusvalía que lles regala, a día de hoxe os bens dos veciños de Cambre a todos os efectos están sobrevalorados. Teñen máis patrimonio, pero teñen máis patrimonio á hora de pagar, porque o piso é o mesmo e a súa capacidade económica, ademais vista a situación na que están, aínda é máis pequena. Iso é o que significa a ponencia de valores e a nova valoración catastral.

Cando os grupos da oposición se deron conta da tremenda lea na que os metera, o que fixeron foi forzar unha situación para obrígalos a reunirse con eles co fin de revisar todos os impactos e efectos colaterais e intentar deixar de botarse culpas, intentar solucionar esta situación e remediar ese efecto polo cal os seus bens están sobrevalorados. O Goberno comprometeuse a levar a cabo ese acordo, pero visto o punto no que están son unha panda de mentireiros, non cumpriron nin un só dos acordos aos que se chegou nesta Corporación, e moito menos este compromiso. Dilles que ese si era un compromiso.

Vista a nova situación, dende EU, igual que tamén fixeron os compañeiros do Partido Socialista, e dado que debe ser que lle cheiran mal e por iso non quixo reunirse con eles para modificar a totalidade das ordenanzas, fai fincapé nisto, decidiron presentar unha serie de iniciativas para intentar forzalos a que as estudaran. Todas as

súas propostas as formularon no sentido de intentar paliar os efectos do catastrazo, intentando buscar medidas para favorecer no pago do IBI e doutros impostos e taxas a desempregados, pensionistas que non superen os 798 euros, familias en situación de risco e proceso de desafiuzamento, persoas con discapacidade, menores de 30 anos, vítimas de violencia de xénero, familias con membros en situación de dependencia, etc. Dese sector falaban.

Pois ben, en lugar de chamalos e dicirlles “mirade EU e PSOE, acabamos de recibir unha serie de iniciativas, ímonos sentar, ímolas estudar, imos ver como podemos chegar a isto”, resulta que non, que encargan un informe e din que todas as súas iniciativas son ilegais, non son correctas. Resulta que todo o que sexa intentar beneficiar aos veciños desfavorecidos por esta medida, é ilegal. Subirse 6000 euros por cabeza en canto collen o bastón de mando, iso é legal, o outro é ilegal, estudar as súas medidas, iso é ilegal, reunirse con eles, iso é ilegal, recoñecer un erro, iso tamén é ilegal, e intentar paliar os efectos desta barbaridade que se fixo en Cambre, iso tamén é ilegal.

Todo o que fai o alcalde é legal, e todas as propostas sociais de axuda que EU trouxo dende hai catro anos a esta Corporación, iso é todo ilegal. Dinlles que non poden reunirse con eles, que esta é a proposta que traen e que se queren a debaten, como dixo a Sra. concelleira. Pois dille que neste momento no que o Sr. Rivas pretende facelos vivir, ela non quere estar, ela non llo compra. Agora ben, quere deixarlle clara unha cousa, porque non lle ve moitas trazas, ademais, a que el e ela sigan tendo conversacións agradables coma esta. Dille que eles, e refírese a todas as persoas que teñen sensibilidade con este tema dentro desta Corporación, son veciños, e el é un político de raza, necesita aprobar esta pequena esmola para poder saír á rúa co peito cheo. Xa llo dixo nunha ocasión e volve repetirlo, necesita este 5% para clausurar a súa lexislatura dunha maneira medio digna.

Continúa dicindo que a diferenza entre eles e o Sr. alcalde está precisamente niso, e deberían, pero EU non vai votar en contra desta esmola, porque por desgraza calquera redución, por mísera que sexa, a día de hoxe teñen que aceptala, porque teñen moitos veciños aos que cinco ou dez euros, por iso lle chama esmoliña, porque están falando de cinco ou dez euros, lles supoñen moito, e iso é triste ata para dicilo. Ademais, ela que lle está falando, o seu compañeiro Luis Taibo e todas as veciñas e veciños que confían neles, saben que de forma activa, ou no lugar que lles corresponda, van seguir loitando por modificar e por intentar solucionar o erro no que meteu aos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que van votar abstención neste punto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo ven isto como unha sucesión de acontecementos en certa maneira non exentos dunha relativa lóxica. O Sr. alcalde ao achegarse as eleccións loxicamente intenta con esta medida paliar o desastre, a hecatombe da súa negligente xestión en todo o tema do catastrazo. Pensa en boa lide que con esta especie de colchón, con esta especie de unguento, apócema máxica, pode dalgunha maneira distraer a opinión dunha parte importante dos votantes e facerlles esquecer a verdade das consecuencias da actualización de valores catastrais que se acometeu de maneira canto menos impúdica neste concello durante o seu mandato.

É lóxico que o Sr. alcalde á hora de enfrontar unhas eleccións pretenda, dalgunha maneira, camuflar o que foi, e dille que lle permita que llo diga xa a estas alturas, con total e absoluta franqueza e serenidade, o maior dos seus erros nesta lexislatura a nivel de xestión, superando case incluso ao Brincadeira, que xa é dicir.

O alcalde fai isto e pídelle o seu apoio, porque legalmente o necesita, e el podería entrar en moitos dos razoamentos que aquí expoñeron diversos membros, compañeiros, que hoxe os considera, de Corporación e de oposición, respecto do proceso nestes meses e de como o Goberno fixo oídos xordos ás propostas que dende os grupos da oposición se lle fixeron chegar, nesta vez si en tempo e forma, que tamén é un dos argumentos



recorrentes moitas veces ao cabo da legislatura por parte do Goberno, que non souberon ou non quixeron atender, polo menos, co tacto necesario.

Di que loxicamente é unha cuestión que non discute, é dicir, se algo parece ser que non é legal, e hai un informe que así o ditamina, pois a iso terán que aterse, pero con todo e por riba diso, o Goberno non tivo moita disposición á hora de atender esas demandas.

Continúa dicindo que se realmente non houbera outra solución, eles como BNG veríanse entre a espada e a parede, e terían que darlle para adiante a isto, porque real e efectivamente é unha medida positiva para os veciños, etc., pero hai un argumento para eles maior, que é o que expuxo UxC, e esta non era a postura inicial do BNG, simplemente o din, pero ás veces estas cousas pasan, que un rival os convence. Neste caso os argumentos de UxC os convenceron, se nun mes van ir a unhas eleccións, se en menos de dous meses vai haber un novo Goberno que está en tempo, en forma, en prazo para fixar unha nova ordenanza fiscal que regule ese imposto, o lóxico, o ético, o democrático, parécelles que é que sexa esa nova Corporación e que sexa ese novo Goberno quen poida comezar a gobernar nun tema tan importante como este, coas mans total e absolutamente libres.

Di que saben que é difícil a súa posición, pero asúmena, porque préstase a esa crítica fácil de dicir que o PP propón baixar e os do BNG din que non. Pois dille que si, que os do BNG din efectivamente que non. Por suposto están a prol de modificar a ordenanza fiscal para regular o imposto á baixa, por suposto que si, pero cren que as cousas débense facer cun mínimo, xa non di de respecto á legalidade, porque el non está poñendo en dúbida a legalidade do que hoxe aquí se aprobe, nin moito menos, certo é que este Goberno ten a día de hoxe todas as atribucións habidas e por haber para traer isto a pleno e para sacalo adiante, pero para quen governe o día de mañá, sexa o PP ou sexan outro ou outros partidos, pois non lles parece o máis elegante.

Conclúe dicindo que son, polo tanto, consecuentes e firmes coa súa posición e votan en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que vai votar o mesmo que votou na comisión. Comprende que nestes momentos é moi importante baixar o tipo impositivo do IBI e, polo tanto, vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe explica que o que lle tería gustado ao grupo de goberno é que o acordo de baixada do IBI para non repercutir negativamente no recibo da contribución dos veciños se tivera adoptado por unha unanimidade, tristemente non foi así porque dous grupos non van votar a proposta e tamén, nese sentido, agradecen ao Partido Socialista o apoio que está dando á rebaixa.

Si quere aclarar unha cuestión á que fixo referencia o voceiro socialista, respecto dos dous puntos que efectivamente non se recollen na proposta final, relativos ás entidades que desenvolven actividades económicas e que teñen un interese social, e os inmobles que utilizan placas de enerxía solar. Nese sentido di que non se recolleron porque esas son unhas propostas que non se debateron en ningunha das comisións nas que se teñen sentado para debater. Realmente preséntanse como iniciativas cando en realidade o que son é unha copia do que marca o Texto refundido das facendas locais e, polo tanto, non se recollen por ningún interese específico, senón porque requiren un estudo técnico e un traballo de concreción que non se pode facer neste momento, entre outras cousas porque tampouco teñen sido debatidas nas comisións.

Por parte de UxC preguntan por que se fixo a valoración catastral, pois xa llo teñen dito un montón de veces, a valoración catastral faise porque o di a lei, e porque dende 1998 non se tiña realizado ningunha valoración catastral. Lémbrolla ademais ao Sr. García Patiño que cando el estaba no Goberno non só non se fixo a revisión catastral, senón que ademais incrementouse progresivamente o IBI dende o ano 2004 ata o ano 2011, váillelo lembrar. No ano 2004 o IBI estaba no 0,50, o soben ao 0,55. No ano 2005 o IBI estaba no 0,55, o soben ao 0,60.

No ano 2006 o IBI estaba no 0,60, o soben ao 0,65. E no ano 2011, como consecuencia de non ter feito a revisión catastral, o Ministerio de Facenda aplica de oficio un diferencial do 10%, co cal os veciños tiveron que pagar un 0,71 de IBI, de tipo impositivo.

Por outro lado, lémbrale tamén a EU que cando isto se levaba a cabo e se subían os tipos impositivos, EU non presentaba ningunha proposta, nin tampouco solicitaba ningunha comisión de valoración, neste caso fixéronse tres. Respecto das propostas que presenta este grupo, que di que non se tiveron en conta, efectivamente, non se tiveron en conta porque non son legais, é o que di o informe, unha e mil veces, calquera das propostas que presentan, non hai nin unha que se poida tomar en conta.

Dúas das propostas están recollidas xa nas ordenanzas municipais, o cal demostra que nin sequera leron a lei. E o resto das propostas, xa lles teñen dito nas comisións que poden compartir o espírito do que presentan, pero que son ilegais, nunha ordenanza non poden regular algo que ten reserva de lei. Polo tanto, se o que el pretende é que esas medidas, ou eses beneficios, repercutan nas persoas con menos capacidade económica, cando este Goberno levou os orzamentos para ser aprobados, levaba unha partida de emerxencia social cuadruplicada respecto ao que tiñan no 2011, en concreto no ano 2015 incrementábase a 175.000 euros, e a partida de axuda a domicilio incrementábase un 20%, e eles votaron en contra, polo tanto, dilles que menos demagogia, máis valorar as propostas que fan e máis lerse a lei.

En canto ao de que non son serios, dille que non hai máis que ler as iniciativas que presentan na súa proposta para ver quen é serio e quen non é serio. Ela cre que a seriedade dun grupo de goberno non está en presentar propostas que son ilegais e que non estean contempladas na lei e que en ningún caso o Pleno pode aprobar, senón en cumprir os compromisos. E a seriedade está en que cando se presenta un orzamento, hai que dar cobertura ás persoas que teñen unha maior necesidade e unha menor capacidade económica.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, en primeiro lugar, agrádelle que lle agradeza o apoio á súa proposta, pero vaille dicir que non están apoiando a súa proposta, están apoiando unha proposta que teñen feito os técnicos municipais ante a información que se lles puxo diante deles e ante a solicitude do grupo socialista para que estudaran cal era a mellor fórmula que, mantendo a estabilidade orzamentaria e a recadación por concepto de imposto de bens inmobles, menos prexudicara aos veciños de Cambre.

Expón que as propostas que o grupo socialista presentou no seu escrito de 4 de febreiro de 2015, si ían destinadas a minorar o prexuízo aos 11.000 titulares de bens inmobles do municipio, sobre todo vivendas e pisos. Pero iso o Goberno non o tivo en conta, o que queren é lavar a súa mala conciencia a menos dun mes das eleccións, para presentarse ante os veciños e que non lles corran a gorrazos como nalgúns casos puideran ter feito.

Ao Goberno non lle importa o máis mínimo o que teñan que pagar os veciños polo IBI, senón non terían feito a revisión de valores catastrais que fixeron. Esta é unha medida de última hora, á desesperada, para lavar a súa mala conciencia.

En canto ás manifestacións que teñen realizado, reitéralle que as propostas de bonificacións están presentadas o 4 de febreiro, houbo tempo máis que suficiente para que por parte dos técnicos municipais, como se fixo á hora de valorar a repercusión da baixada do tipo impositivo, puideran ter feito unha redacción sobre esas bonificacións ás asociacións titulares de bens inmobles e tamén aos bens inmobles que teñen instalados sistemas de aproveitamento da enerxía solar.

Di que tiñan tempo máis que suficiente, o que pasa é que non lles interesou, e agora deixan en precario a unha serie de asociacións que a día de hoxe, por moito que se diga e digan á prensa, si están pagando o imposto de

bens inmoables, e que evidentemente o que necesitarían sería unha certeza de que con esa bonificación van pagar unha cantidade, agardan, irrisoria.

Non tiveron esa sensibilidade, como tampouco con outros moitos temas, e reitera que o seu voto a prol non é precisamente á proposta da concelleira. A proposta da concelleira é unha proposta que vén como consecuencia dunha demanda de todos os grupos da oposición, e que a teñen feito propia con base a uns informes técnicos que a avalan. Nese sentido dilles que non están no mesmo camiño, non ven a solución do problema da mesma forma que eles a ven. O Goberno a ve como unha mera saída puntual, e a eles o que lles preocupa, como teñen dito outros compañeiros dos grupos, é a repercusión no futuro que vai ter esa revisión dos valores catastrais que levaron a cabo dunha forma absolutamente irresponsable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, empezando polo último, dille ao voceiro do PSdeG-PSOE que el non entende que se non aceptan as súas propostas, se deixan en precario ás asociacións, por que o aproban, porque realmente a vindeira Corporación ten ata decembro para poder aprobalo. É algo que realmente lle gustaría que lle explicara, porque realmente non chega a entendelo.

Continúa dicindo que UxC o que pediu aquí dende que o alcalde empezou a propoñer a baixada do IBI, foi unha cuestión de sentido común, e o sentido común di que dentro dun mes vai haber un novo Goberno e unha nova Corporación, que sexa esa nova Corporación a que estude minuciosamente todo isto e saque as mellores conclusións para os veciños e veciñas de Cambre. Iso é o que eles din.

Por outra parte, a Sra. concelleira dixo que era para non repercutir negativamente, como se isto fose un imposto que vén non se sabe de onde. Dilles que isto é consecuencia deles, da mala xestión que fixeron eles. Os que provocaron esta situación foron eles, non foi o resto dos grupos da oposición, pide que non os culpe a eles disto. E seguen mentindo, a lei di que hai que facer a revisión catastral, pero a lei non lle dixo ao alcalde que había que empezala hai dous ou tres anos, iso é mentira, seguen mentindo. A lei di que hai que facela, ou pregunta se está ilegal Culleredo, ou A Coruña, ou outros concellos que aínda non a teñen feita. Di que non están ilegais tampouco.

Dilles que meteron a pata e que non quixeron recoñecelo, e ata aquí os teñen traído, ata os últimos días dunha lexislatura para querer, como ben dicía o voceiro socialista, lavar a cara. E di que lle vai roubar unha frase á concelleira de EU, que dixo nas comisións, dille ao Sr. alcalde que isto é un teatro, e ao alcalde encántalle, é un bo actor para todo isto, e segue facendo teatro para os veciños e veciñas de Cambre.

Conclúe pedindo que conste en acta que UxC está completamente de acordo en revisar todo isto á baixa, están completamente de acordo, pero cren que é de sentido común que o faga a próxima Corporación e o próximo Goberno.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López di que mira que chegan a un punto de mentira que a ela xa lle arrepía. Pregúntalles onde está a redución, porque xa cos datos na man, e cos números na man, collendo un piso real, un exemplo real na rúa Tapia, facendo os cálculos e facendo o cadro do que se vai pagar nos vindeiros anos e do que se tería pagado nese piso antes da valoración catastral, incluído ese tanto por cento que se engade ao tipo por non ter feito a valoración catastral, e calculando co tipo novo, xa se van ir ao 60%, nin sequera ao 65%, este ano 2016 ese inmoable vai pagar 8 euros menos, e di que non colleu o exemplo máis drástico, que podía telo feito, pero vai ser xenerosa. Pero é que dentro de 10 anos o mesmo inmoable vai pagar 70 euros máis.

Xa di que se quixera podería coller exemplos máis sangrantes, que os hai, en Cambre hai moitos. Fixeron o cálculo e ten os cadros aquí, cos cálculos feitos, e se quere déixallos ao Sr. alcalde, porque resulta que ela non

lee, pero ás veces escribe, e hai pisos que estaban pagando 200 euros antes do catastrazo e dentro de 10 anos van pasar a pagar máis do dobre, o 60%.

Respecto do tema que apuntaba o voceiro de UxC, iso que din de que hai que facelo porque o di a lei, a lei di moitas cousas, e eles cumpren as que lles dá a gana. Neste caso a lei foi un encargo, xa o teñen dito moitas veces, de Diego Calvo, que lle dixo ao alcalde “Rivas, veña, súbeme aí, imos facer a ponencia de valores” e fíxoala, sen consultar, con nocturnidade e aleivosía, pero ben.

Carral segue sen actualizar os valores catastrais e ten un IBI dun 60%. Esa famosa rebaixa urbana que pretenden venderlles como algo marabilloso a concelleira e o alcalde, sen actualizar os valores catastrais en Carral xa está nun 60, na Coruña nun 60, en Culleredo nun 56, e ningún deles está actualizado, Oleiros ten un 60 e Sada un 50. Pregunta onde está a mellora con respecto aos outros e fala dos que nin sequera teñen actualizados os valores catastrais, están falando de valores catastrais do ano 1994, 1997 ou 1998, e do ano 1994 ata agora cambiaron moitas cousas, e a valoración catastral do ano 1994 e a valoración catastral de agora é sensiblemente diferente. Dilles que apliquen un 60% á do ano 1994 e que apliquen un 60% a esta, a ver se é rebaixa ou non é rebaixa.

Despois, iso de que EU non presenta ningunha proposta, dille á concelleira que de verdade se retire, que non vale para isto, así llo di. Pregunta se de verdade di que EU non presenta propostas, porque iso non llo consinte a ninguén, pregúntalle de que vai, así llo di de claramente. Iso si, que non son legais as propostas, evidentemente non, xa o dixo antes, o PP ten unha serie de mecanismos para intentar buscar, e poden facer a proba co que queiran, buscar as cóxegas e buscar as normas e as expresións, e unha palabra, e se di subvención e non di axuda, dicir que non é subvención porque non entra na lei, non é potestativa, etc., porque é certo que hai mecanismos suficientes como para tombar abaixo o que se queira se hai ganas de facelo, e iso é o que fai o PP.

Despois din que comparten o espírito, pregúntalles que é iso de compartir o espírito, se comparten o espírito, sentaríase con eles, falarían, verían a situación e levarían o asunto para adiante, pero se non comparten o espírito, fai o que fixo agora, dicir parvadas.

En canto a que non aprobaron os orzamentos dille que por suposto que non, e se volven traer os mesmos orzamentos, volven votar en contra, porque son uns incompetentes. As partidas de emerxencia social subíronse, pero non porque sexan moi bos, senón porque hai moita xente que o pasa mal, porque hai moita xente que o necesita. Pregunta por que hai que subir as partidas de emerxencia social, porque a xente está petando no concello, porque o están pasando mal en Cambre, por iso se soben, non porque sexan marabillosos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle que el non a quixo interromper antes porque ía lanzada, pero dille que a chama á orde por primeira vez, e xa llo dixo unha vez, pídelle que non volva insultar, por favor.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López contesta que perfecto, que é a primeira vez que a chama, que está acabando e ten dúas máis. Respecto diso de que non len, tamén lle di que pode ser que non, porque ela non está na rúa fumando un cigarro todas as mañás cada cinco minutos, ela está choiando e está vendo aos veciños e está escoitando o que lle din os veciños, e non ten moito tempo para ler sentada no seu despacho, por iso ao mellor non leu a lei todo o que tiña que lela.

A continuación, don Augusto Rey Moreno solicita a palabra co fin de contestar á pregunta que lle fixo o voceiro de UxC.

O Sr. alcalde responde que xa tiveron dúas intervencións cada grupo e el vai aplicar o regulamento como o ten que aplicar, son dúas intervencións por grupo, e esa é unha discusión entre grupos e pídelle que lle perdoe pero cre que o pleno é o pleno e non está para discusións entre grupos.

Don Augusto Rey Moreno expón que non é unha discusión, o voceiro de UxC fixo unha alusión persoal ao seu grupo e el cre que lle ten que permitir unha pequena intervención para aclarar a situación.

O Sr. alcalde dille que de acordo, que lle dá esa intervención.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno di, en primeiro lugar, que o seu apoio á iniciativa de baixar do 0,65 ao 0,60 o tipo obedece a un enfoque meramente pragmático e práctico de asegurar agora ás familias de Cambre que o IBI para o ano 2016 vai baixar. O Sr. García Patiño fai un chamamento a que isto podería ser unha responsabilidade da vindeira Corporación, o que pasa é que el ten unha dúbida, el non sabe como se vai constituír a vindeira Corporación e el non sabe o que vai votar cada partido ou o que vai permitir quen sexa o próximo alcalde aos partidos que se senten na vindeira Corporación. Di que a súa obriga é neste momento buscar a solución máis adecuada para os veciños de Cambre, e así o fan.

De todas formas di que isto é un acordo que se adopta agora, puntualmente, e se a vindeira Corporación ten vontade de revisar os tipos impositivos en función do que os técnicos lles digan ou do que sexa a vontade dos membros da Corporación, pode facelo en calquera momento antes do 31 de decembro do 2015. Este acordo, evidentemente, déixase sen efectos con outro acordo posterior adoptado antes do 31 de decembro do 2015.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que para terminar e antes de votar a proposta, el dilles que o perdoen pero que non o entende, que o teñen acusado de todo. A paisaxe marabillosa que se adiviña en Sada, en Culleredo, na Coruña por non ter feito a revisión catastral, esa paisaxe marabillosa, el fala cos alcaldes dos outros concellos e a Sra. concelleira de EU di as verdades a medias, porque sabe que en Culleredo tense feito unha revisión catastral parcial, que era a que estaba sen facer. E en Sada a revisión catastral a teñen paralizada ata que pasen as eleccións, pero está feita, porque el fala co seu alcalde.

Pero dito isto, di que non é unha situación marabillosa, como poden entender, e el será un incompetente, non o dubida, pero pódelles dicir, e dillelo aquí, que procura ser serio. El atópase aquí a principios do ano 2012, e non o negou nunca, con 16 anos sen facer a revisión catastral neste concello, e cos veciños pagando por riba do tipo impositivo do Concello de Cambre, en lugar do 0,65, o 0,715, e non llo dixo Diego Calvo, Diego Calvo aquí non ten nada que ver, quen veu aquí foi o director do Catastro, a dicirlle que despois de 16 anos tiña que facer unha revisión catastral, e asegúralles que el non está contento, non está contento con telo feito, pero outros concellos que a concelleira nomeou, ela vai ver que van caer un tras outro, con revisións catastrais nos vindeiros meses, despois de pasadas as eleccións, porque isto é así.

Cando el asinou para que se fixera a revisión catastral fíxoo porque a revisión catastral tamén custa, e nese momento non custaba, pero o máis importante é que se lle eliminaba ao veciño o que estaba pagando de máis para o ano 2015, co cal o recibo baixáballe, e nese momento el adquiriu o compromiso, cando o foi explicar por todas as parroquias de Cambre, por todas, de nos primeiros meses do ano 2015 levar unha rebaixa do tipo impositivo. Di que ese é o compromiso, e por iso se trae a este pleno, que tiña que estar no pleno do mes pasado, e con isto contesta ao Sr. García Patiño.

Continúa dicindo que ten razón en que iso o ten proposto o alcalde e que o provocaron eles, toda esta lea que hai do Catastro a provocou este Goberno, si, pero o certo é que se fan os deberes como hai que facelos, os veciños pagarán no ano 2015 menos e no ano 2016 menos, e o que el propón, non sabe o que pasará na vindeira Corporación, pero se segue sendo alcalde o que vai propoñer é facer unha revisión catastral aos cinco anos, que pode ser á baixa, para que os recibos dos veciños de Cambre non suban, entre eles o del mesmo.

Di que esa é a historia, e que o que non se pode é estar 16 anos sen facer unha revisión catastral, e cando fai falta diñeiro nas arcas municipais, sen informes preceptivos nin sequera de Intervención, por ter unha maioría

absoluta, traer a pleno, ano tras ano, un subida de cinco puntos do tipo impositivo, ata que chegou un momento en que non se subiu máis e Facenda lles dixo que por non ter feito os deberes tiñan que pagar unha sanción. Di que esa é a realidade.

Conclúe dicindo que eles o chamarán incompetente, pero esa é a realidade e iso é o que pretende traendo isto a pleno, cumprir os compromisos.

Don Óscar Alfonso García Patiño pide a palabra, porque di que o Sr. alcalde o nomeou a el e supón que o deixará defenderse, porque agora o que queda como mentireiro é el. Di que el non chamou ao Sr. alcalde incompetente en ningún momento, pode chamarlo, pero non llo chamou, que quede claro. O Sr. alcalde acaba de nomealo e supón que terá dereito de réplica, ou pregunta se o alcalde é o que di aquí que alguén é un desvergonzado e acabouse, el non pode dicirlle que é mentira.

O Sr. alcalde manifesta que non hai ningún problema, que se o Sr. García Patiño quere lear o pleno, o lía, pero dilles que teñen unha soa intervención cada un.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que el non lía o pleno, simplemente é matizar as palabras do Sr. alcalde. Dixo que viñera o director do Catastro e que lle dixera que había que facer a revisión catastral, o mesmo director do Catastro que lle dixo que as alegacións se podían facer ata decembro e aos veciños lles están vindo para atrás, o van ver nun rogo que traen, a el mesmo lle veu para atrás.

O Sr. alcalde di agora que o foi explicar por todas as parroquias, pero o foi explicar cando os demais grupos empezaron a dicirlle o que estaba ocorrendo con isto da revisión catastral. Non lle foi explicar aos veciños que era necesario facer unha revisión catastral, porque non era necesario facela neste momento no que o Sr. alcalde decidiu facela, cun Plan xeral en marcha. O que pasa é que o Sr. alcalde non confiaba nese Plan xeral, e dille que non lle poña caras que el non llas pon, el tamén lle pide un pouco de respecto.

Continúa explicando que co Plan xeral vanse cambiar as clasificacións dos terreos e vai ter que facerse unha revisión catastral. En Oleiros e noutros concellos fixéronse revisións parciais, e todos aqueles que non estaban pagando, pagaron, e agardaron a acabar un Plan xeral para dicir que nese momento era cando tiñan que facer a revisión catastral real. O Sr. alcalde todo iso saltouno. Está totalmente de acordo con Olga en que veu o seu amigo Diego e lle dixo que había que facer unha revisión catastral para autofinanciar a administración, tal e como di ademais no seu escrito da Deputación, porque o di o presidente da Deputación, non é que o diga el, Óscar García Patiño.

Tamén acaba de lanzar agora o Sr. alcalde que pagarán menos, xa están en programa electoral, dixo que se segue sendo alcalde propón cinco anos para unha revisión. Que el saiba a campaña electoral empeza o día 8, as súas promesas está claro que as teñen aí e saben o que fixeron.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el xa sabe que ao Sr. García Patiño lle gusta moito Alternativa dos Veciños, non ten dúbidas, pero el a campaña electoral aínda non a empezou, non como outros que xa andan coa furgoneta pola rúa.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), votan en contra os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os dous concelleiros de EU.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 2 e 4.B da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles, quedando redactados do seguinte xeito:

#### **Artigo 2º. - Tipos de gravame.**

1. O tipo de gravame xeral aplicable ós bens inmobles urbanos queda fixado no 0,60 por cento.
2. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de carácter rústico queda fixado no 0,60 por cento.
3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais queda fixado no 1,3 por cento.
4. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles urbanos de uso “industrial”, con valor catastral igual ou superior a 347.000,00 euros, queda fixado no 0,90 por cento.
5. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles urbanos de uso “comercial”, con valor catastral igual ou superior a 104.000,00 euros, queda fixado no 0,90 por cento.
6. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles urbanos de uso “oficinas”, con valor catastral igual ou superior a 206.000,00 euros, queda fixado no 0,90 por cento.
7. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles urbanos de uso “obras de urbanización e xardinería, solos sen edificar”, con valor catastral igual ou superior a 25.050,00 euros, queda fixado no 0,90 por cento.
8. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles urbanos de uso “sanidade” con valor catastral igual ou superior a 1.000.000,00 euros, queda fixado no 0,90 por cento.
9. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles urbanos de uso “almacén”, con valor catastral igual ou superior a 80.000,00 euros, queda fixado no 0,90 por cento.

#### **Artigo 4º. – Bonificacións**

(...)

**B.-** Terán dereito a unha bonificación de entre o 50 e o 90 por cento na cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo cos seguintes categorías:

- Bonificación do 50 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa xeral.
- Bonificación do 90 por cento para aqueles suxeitos pasivos titulares da condición de familia numerosa especial.

Esta bonificación concederase a petición do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, e sempre que a renda da unidade familiar non supere a cantidade resultante de multiplicar o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), polo número de membros da unidade familiar. Os ingresos acreditados dun exercicio compararanse co IPREM do mesmo exercicio que ditos ingresos. O número de fillos acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

Para o disfrute desta bonificación en cada exercicio, os interesados deberán presentar escrito dirixido ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de A Coruña do 1 de xaneiro ao 31 de marzo do ano correspondente, debendo achegar a seguinte documentación:

- Acreditación de categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.
- Xustificante de empadramento do titular da familia numerosa, referido a 31 de decembro do ano inmediatamente anterior, no que consten os membros da unidade familiar que conviven con él no inmovible para o que se solicita a bonificación.
- Xustificación documental dos ingresos da unidade familiar: copia compulsada da última declaración da renda dos membros da unidade familiar, xustificante de pensións, prestacións sociais, ... e demais ingresos polos que non estén obrigados a declarar.

Á vista da documentación presentada, a Excm. Deputación ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só surtirá efectos para o período impositivo no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse de novo nos seguintes períodos impositivos, aportando a documentación que acredite que se seguen a cumprir os requisitos para o seu disfrute. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido dará lugar a súa inadmisión e a conseguinte denegación da bonificación instada.

**Segundo:** Aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 4, 6.3 e 9 da ordenanza fiscal nº 5 reguladora do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana, quedando redactados do seguinte xeito:

#### **Artigo 4º. - Exencións e bonificacións.**

(...)

3. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento na cota do imposto, as transmisións de terreos ou a transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo, por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados de primeiro grao, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes de primeiro grao, cando o ben ou dereito obxecto da transmisión fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto e, polo menos, durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadramento.

4. Aos efectos do disfrute da bonificación, equipararase ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante, con análoga relación de afectividade, a lo menos durante un ano, e acredite a súa inscrición no rexistro de unións de parellas de feito en virtude de certificado expedido ao efecto.

5. Para gozar desta bonificación será preciso que o sucesor manteña a adquisición durante os catro anos seguintes ó devengo deste imposto. De non cumprirse este requisito de permanencia, procederá o ingreso do importe da bonificación aplicada cos correspondentes intereses de demora. O suxeito pasivo realizará este ingreso complementario polo procedemento de autoliquidación no prazo dun mes contado dende a transmisión que orixina a perda da bonificación.

6. A bonificación establecida no punto 2 do presente artigo terá carácter rogado, podendo solicitarse dende a data de devengo do imposto ata a finalización do prazo de declaración-liquidación do mesmo. As solicitudes presentadas dentro deste prazo, de non ser resoltas nun mes dende a súa presentación, entenderanse concedidas por silencio administrativo.

#### **Artigo 6º. - Base imponible.**

(...)

3. A porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplicar o número de anos expresado no apartado anterior pola correspondente porcentaxe anual, que será:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre un e cinco anos: 3,5.
- b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos: 2,5.
- c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos: 2,8.
- d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos: 2,8.

#### **Artigo 9º. - Cota tributaria.**

A cota do imposto será a que resulte de aplicarlle á base imponible o tipo do 22 por cento.

**Terceiro:** A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Cuarto:** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do concello o citado acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.



Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

**2.7. Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía núm. 657/2015, do 17 de abril, de apelación contra a sentenza 50/2015 sobre recurso procedemento abreviado 286/14-C, interposto por FSP-UGT, fronte ao acordo do Pleno da Corporación de data 19 de maio de 2014**

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 657/2015, do 17 de abril, que consta do seguinte teor literal:

“Visto o oficio da Asesoría Xurídica da Excm. Deputación da Coruña de data 16 de abril de 2015, remitindo a sentenza 50/15 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2, recaída no Procedemento Abreviado 286/2014, interposto por FSP-UGT, fronte a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición accionado fronte ao Acordo do Pleno da Corporación de data 19 de maio de 2014.

Visto o informe de réxime interior.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Primeiro: Interpoñer recurso de apelación conta a sentenza 50/15 recaída no procedemento abreviado 286/14-C perante o Xulgado contencioso administrativo número 2 da Coruña, e comparecer no dito recurso, exercitando este concello o seu dereito a defensa, e encomendando tal defensa e representación á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

Segundo: Comunicar a presente designación á Asesoría Xurídica mencionada e facilitarlle cantos antecedentes e documentación sexan necesarios para os fins indicados.

Terceiro: Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 28 de abril de 2015.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que co título da proposta pouco máis hai que explicar, así que pregunta se necesitan algunha aclaración.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, explica que o acordo que lles traen aquí para a súa ratificación, é un bo resumo da política de persoal que veu realizando o equipo de goberno, unha política de persoal que se pode resumir nunhas cantas ideas, improvisación, prepotencia, concepción patrimonial da institución e irresponsable. Unha forma de facer política que lonxe de resolver os problemas da institución, mellorar a súa eficacia ou a súa eficiencia e o servizo aos cidadáns, ten conseguido fomentar o enfrontamento entre os empregados públicos e crear unha atmosfera irrespirable, que ten concluído cun rotundo non á ambiciosa reforma en profundidade que o concelleiro en materia de persoal presentou hai uns meses aos traballadores, e que os propios traballadores votaron en contra.

No pleno do 19 de maio, ao que se refire a sentenza, o grupo socialista xa lles dixo que a modificación que traían ao pleno era ilegal. Esa consideración non era só do seu grupo, así o ratificaban ou o confirmaban dous informes

de técnicos municipais. Consideraban, eles e os técnicos municipais, que isto vulneraba a Lei de orzamentos xerais do Estado, por certo, Lei de orzamentos xerais do Estado que o mesmo partido que presenta esta proposta ten aprobado.

Fundaron entón a aprobación daquela RPT non soamente nunha serie de falsidades, porque ningún dos problemas persoais que se puideran dar para os afectados por esa RPT quedaba sen solución se non se aprobaba neses termos, é dicir, hai mecanismos dentro da lexislación para atender a esas necesidades. E sobre todo basearon esa aprobación na prepotencia de considerar que como a lei é interpretable, está claro que a interpretación correcta é a do equipo de goberno.

Tamén basearon aquela decisión nunha gran dose de irresponsabilidade, adoptando un acordo que ten causado, de momento, un dano patrimonial ao concello que pode superar os varios miles de euros. Pois ben, a sentenza que agora pretenden recorrer no xulgado do contencioso administrativo núm. 2 da Coruña, tenlles baixado os fumes e veulles dar a razón aos grupos que se opuxeron a esta medida e tamén aos técnicos municipais.

Teñen actuado nesta materia cunha concepción patrimonial do concello, ignorando non soamente a Lei de orzamentos xerais do Estado, senón tamén a lexislación en materia de emprego público, e tamén teñen ignorado e desprezado de maneira notable as competencias que a Lei de bases de réxime local outorga ao Pleno desta Corporación, só así se pode explicar que teñan ocultado ao Pleno a presentación por parte de UXT dun recurso de reposición e que non consideraran en ningún momento necesario informar ao Pleno de que a resolución que se tiña adoptado, cos seus votos, tiña sido recorrida polos propios funcionarios.

Presentan agora, ademais, un acordo de ratificación dunha resolución de Alcaldía no que pretenden que validen un acto que é nulo de pleno dereito. Pregunta ao Sr. alcalde se non o informaron de que a presentación deste recurso de apelación é competencia do Pleno, que non pode a través dunha resolución de Alcaldía decidir a presentación dun recurso de apelación sobre unha materia que é competencia do Pleno. E pide que non lle fale da urxencia, de feito no prazo de presentación deste recurso de apelación dáse a circunstancia de que tiveron a capacidade de celebrar un pleno ordinario.

Por todos estes motivos o grupo socialista, igual que lles dixo naquel momento que incumprían a lei, decidiu que vai votar en contra. Vai votar en contra porque insistir, ou incidir, ou reiterar esa interpretación que xa o xulgado lles tombou e que ademais a propia sentenza funda en xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza, entenden que non vai obter unha resposta positiva por parte da xustiza e o único que vai facer é incrementar o dano. Estarán incrementando non soamente o dano patrimonial pola aplicación da medida, senón que ademais o concello verase obrigado a pagar uns cuantiosos custos. Conclúe dicindo que por estes motivos o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que primeiro, como non coñece moi ben estes temas, gustaríalle preguntar polo informe que se acompaña da Área de Urbanismo e Réxime Interior, se é necesario un informe xurídico e se ese informe é realmente o informe xurídico que debe estar dentro deste expediente. Gustaríalle saber se a persoa que o firma, que é o xefe de Réxime Interior, é o adecuado para informar este expediente. El supón que debería vir un informe xurídico, e a pregunta é clara, se esa persoa é a que tiña que asinar ese informe.

Ante a afirmación dalgúns membros do equipo de goberno, sinala que só quería dicilo para que constara en acta. Continúa dicindo que UxC votou en contra no seu momento polas formas de facer as cousas que ten este Goberno. Crían que debían votar en contra no seu día e así o fixeron. Pregunta que ocorre neste momento e di que neste momento é un xuíz o que fai unha interpretación dos feitos e quen condena ao concello.

Conclúe dicindo que UxC cre nas apelacións, a xente ten dereito a dicir que este xuíz pensa isto, pero que igual outro xuíz pensa distinto. Eles cren sinceramente no dereito á apelación, por iso vanse abster neste punto.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López, concelleira de EU, expón que comeza a resolución da Alcaldía dicindo que “en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local, resolvo...”, xa apuntou isto a concelleira socialista no mesmo sentido. Pois ben, segundo a resolución da Alcaldía o alcalde resolve, pero resolve persoalmente, sen consulta ao Pleno, interpoñer recurso de apelación. O artigo 21 ao que fai referencia, do que fala en todo momento, como xa se dixo, é da urxencia para aplicar ese caso nos asuntos que son de competencia do Pleno. Nese suposto si podería o Sr. alcalde exercer accións xudiciais e administrativas, de feito cando fai mención ao artigo 21 é porque dá por feito que é un asunto competencia do Pleno, pero dálle igual.

Pero nese artigo fálase da urxencia, e a urxencia hai que motivala, de maneira que debería acompañarse un informe ou unha motivación da urxencia para presentar o tema a través de resolución de Alcaldía, e non hai ningún tipo de xustificación da urxencia. Dille ao Sr. alcalde que o asesoren mellor, porque isto non é correcto.

A resolución de Alcaldía é do día 17 de abril, a notificación da sentenza é do día 16 de abril, hai quince días para presentar o recurso de apelación, de modo que o prazo para presentar o recurso remata o día 8 de maio. Di que xa lle dirá onde está a urxencia.

EU non lle vai consentir a este alcalde nin unha soa tomadura de pelo máis das que lles leva feito, non é competencia súa tomar esta decisión, o alcalde será un voto máis dentro da decisión que poidan tomar neste pleno. A competencia é de todos eles, a competencia é do Pleno, e non permite que os desautorice con base a artigos que, como dicía a concelleira socialista antes, nin sequera leron.

Continúa dicindo que a competencia do Pleno na aprobación da RPT é indiscutible, e a competencia do Pleno en decidir se presentan este recurso ou non, tamén é indiscutible. O Sr. alcalde tivo moitas oportunidades de facelo ben, pero como sempre quixo facelo así, de forma chapuceira, ademais ela non entende moi ben o por que, xa que tiveron un pleno extraordinario o luns, teñen un pleno ordinario hoxe, e podía telo traído a este pleno, podía telo proposto para o debate e votación como asunto competencia do Pleno. Non o fixo correctamente, dálle igual oíto que oitenta e se quere que o órgano competente decida sobre este asunto, dille que non lle quedará máis remedio que convocar un pleno extraordinario sen necesidade de facelo, porque así como está non é legal.

Respecto da sentenza, coincide co que indicaba a concelleira socialista, é unha sentenza demoledora. Dille que se fixe se é importante este tema que resulta que polo capricho do Sr. Andreu de darse cabezadas cos traballadores e non conseguir absolutamente nada, nin un leve indicio de diálogo durante estes catro anos, atópanse nesta situación, na que os meteu el, e na que meteu a todos os traballadores do concello, que ademais de seguir na mesma situación que ao principio enriba teñen que estar preiteando polas incompetencias deste concelleiro.

Dito isto, a situación é a seguinte. Esta decisión non se pode tomar tan á lixeira, porque esta decisión que está enriba da mesa pódelle supoñer moitísimo diñeiro aos veciños de Cambre. Por ese motivo é unha decisión, insisten, que non lle corresponde ao alcalde, entre outras cousas porque ese diñeiro non vai saír do seu peto, vai saír do peto dos veciños.

Este recurso, despois do asesoramento xurídico que EU requiriu, saben que pola instancia ante a que se ten que apelar e os prazos que leva consigo o proceso, así como polo importe a liquidar no caso de que tamén se perdera o recurso de apelación, podería chegar a custarlle ao Concello de Cambre aproximadamente 40.000 euros. Coida que é unha cantidade máis que interesante como para que se paren a ver este asunto, que ademais vaise perder, é que se vai perder a todas luces. Ela non é xuíz, pero lendo a sentenza calquera o deduciría.

Conclúe dicindo que son eles os que teñen competencia, insiste, para facelo, non o alcalde por si só, a quen evidentemente dálle igual que sexan 40 ou 400. Eles o que lle piden é que este asunto o deixe enriba da mesa, porque así como está nin sequera é, como dicía a concelleira socialista, legal.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que xa está todo dito, tanto a concelleira socialista como a concelleira de EU na súa exposición brillante xa o dixeron todo, non van eles repetir o que como di está moi ben dito. Ela só lle quere facer unha pregunta ao Sr. Rivas, pregúntalle se antes de irse quere deixar metido ao concello en preitos, porque xa ten unha sentenza. E di que, parafraseando a un compañeiro do Sr. alcalde, ou ben, non sabe se é compañeiro, se está no PP, se xa está en Cidadáns, non sabe, ao Sr. Aznar, vaille dicir o mesmo que lle dicía ao Sr. Felipe González, pero vaillo dicir en galego, porque soa mellor, dille que fuxa, que fuxa polo ben dos veciños e das veciñas de Cambre.

Conclúe dicindo que, por suposto, van votar en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que el quería facerlle unha pregunta ao concelleiro de Persoal e Réxime Interior en relación con este punto. Pregunta se en caso de que non saía adiante e, por conseguinte, non se efectúe recurso de apelación contra esta sentenza, se pode ter algunha repercusión ou algún prexuízo sobre os traballadores deste concello.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que si, que a curto prazo se non se recorre, como ben dixo a compañeira de EU o día 8 é o último día para facelo, a sentenza sería firme ao día seguinte, e ese día, o día que a sentenza sexa firme, terían que despedir a dous traballadores que están ocupando dous dos postos que se crearon con esta modificación. Esa é unha delas, a outra delas, ademais de despedir a eses dous traballadores, sería que outra traballadora, que gañou un concurso para ocupar o posto de xefe do servizo de atención ao cidadán, quedaría sen posto de traballo, porque non habería posto de traballo de xefe do servizo de atención ao cidadán, con todos os problemas que a xestión de Rexistro, da sede electrónica, da administración electrónica que estiveron implantando durante estes anos, vai carrexar. Conclúe dicindo que eses son os dous problemas que así a curto prazo van ter.

Trala intervención do concelleiro popular, prodúcense diversas manifestacións a micrófono pechado por parte dos concelleiros da oposición respecto das consecuencias que mencionou o Sr. voceiro e o seu custo, ata que toma a palabra dona Margarita Iglesias Pais quen indica que se están referindo ao efecto patrimonial que vai producir volver para atrás unha decisión que é nula.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que para entenderse, os 40.000 euros serían o equivalente ao salario dos traballadores que habería que despedir. Van falar en prata, os 40.000 euros sería o salario deses dous traballadores aos que habería que despedir. Ese sería o dano patrimonial, se o chaman dano patrimonial, pero están falando do salario de dúas persoas, iso é do que están falando.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López dille que non serían 40.000.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais pídelle ao Sr. Andreu que non se esconda detrás das persoas e dos traballadores. O causante deste problema é el. O que ten causado o problema é el, e pídelle que non bote aos traballadores enriba dos demais concelleiros que defenderon a legalidade.

Intervén don Felipe Andreu Barallobre para preguntar se teñen orde de intervención aquí ou collen a palabra cando queren.

Dona Margarita Iglesias Pais sinala que ela acaba de pedirlle a palabra ao Sr. alcalde, e o alcalde amablemente concedeulla, o que non ten a palabra nestes momentos é el, agás que queira presentar unha cuestión de orde.

O Sr. alcalde pídelo á Sra. concelleira que continúe.

Dona Margarita Iglesias Pais reitera que quen ten causado o problema é o Sr. Andreu, e ten a tendencia de parapetarse detrás dos traballadores, xa o fixo cando trouxo esta RPT, xa o fixo naquel momento, amparándose na situación dunha persoa de protección civil, ocultando que había outras posibilidades legais a través das cales facelo. Dille que si, que cando trouxo esta proposta ao pleno si, e reitéralle que si, que ten a manía, igual que o fixo coa RPT, de parapetarse detrás dos sindicatos, parapetarse detrás das persoas. O que causa o problema é el, o que causa o prexuízo económico é el, a quen lle deben pedir contas e responsabilidades os traballadores que se atopan nesa situación é a el. E gustaríalle deixar claro que ten serias dúbidas respecto de que este acordo teña validez, porque están ratificando un acordo que é nulo por falta de competencia material, non de competencia xerárquica, e ela entende que a ratificación por parte do Pleno non valida ese defecto legal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el non quería, de verdade que non quería no último pleno da lexislatura, cando nin ela nin el van ser concelleiros na próxima lexislatura, entrar neste debate, pero dille que se alguén foi o causante deste problema foi o PSOE, o PSOE e os partidos que o sostiveron aquí durante todo este tempo, porque crearon un sistema, unha organización de persoal, un cadro de persoal endogámico, iso é o que crearon, e crearon un sistema endogámico que se retroalimenta el só, a través de poñer a persoas claves en postos claves. Dilles que iso foi o que eles fixeron.

A xestión, o que el intentou facer como concelleiro, o que intentou este Goberno, foi solucionar ese problema. Onde o PSOE durante 30 anos de goberno colocou a persoas que lles interesaban, porque esa é a realidade, a crúa realidade, que eles durante 30 anos colocaron en postos claves ás persoas que a eles lles interesaban, iso foi o que fixeron, por iso dilles que os causantes son eles.

Recoñece que el mediu mal as forzas, recoñece que mediu mal as forzas e mediu mal os tempos. Pensaba, inxenuo del, que en tres anos ía conseguir desfacer o desaguizado que eles montaron en 30 anos, pero non o conseguiu, di que o sente, pero que tiña a décima parte do tempo que tiveron eles para montar isto. Evidentemente esas persoas que están colocadas en postos claves, el está totalmente seguro de que esas persoas poden pensar que a súa xestión foi terrible, pero sénteo moito, el díxoo dende o primeiro día que chegou aquí, como concelleiro de Persoal non veu facer amigos, veu facer o seu traballo, a pensar nos veciños de Cambre e a intentar buscar solucións para os veciños de Cambre. E cando o PSOE creou un problema que deixaron arraigado aquí e que se empeñaron moito en crear, el empeñouse en solucionalo. Reitera que o sente moito, de verdade llelo di, sénteo moito por non ter podido solucionalo.

Continúa dicindo que o que si lle chama xa poderosamente, pero poderosísimamente a atención, é a posición do BNG. Reitera que lle chama poderosísimamente a atención, cando eles o ano pasado esta RPT a apoiaron, a votaron a prol, porque coñecían os argumentos polos que se traía esta RPT, os coñecían. O BNG votou a prol, EU abstívose, e por iso se aprobou esta RPT. Que agora, a vinte días das eleccións, co argumento electoralista veñan dicir que o PP é moi malo, porque é un argumento electoralista, de cambiachaquetas, o argumento de que hai un ano voto que si porque non vai ter repercusión electoral, pero a vinte días das eleccións cambio de voto porque si que vai ter repercusión electoral, iso di moito de con quen están falando. Dependendo do que lles interesa electoralmente.

E dille a don Daniel Carballada, concelleiro do BNG, que o sente, pero que está moi enfadado, moi enfadado, de verdade. Está enfadado, non está nin sequera doído, pregunta doído por que, que el que vai agardar, non está doído, está enfadado, porque parécelle, e está nas actas, que todo o mundo, todos os traballadores saben aquí que o BNG votou a prol. Que veñan agora aquí a dicir que votan en contra por non sabe que argumentos, dilles

que os únicos argumentos é que dentro de vinte días hai eleccións e non lles interesa saír na prensa ao día seguinte tendo apoiado unha proposta do PP. Esa é a realidade e esa é a sensibilidade do BNG.

Continúa dicindo que el non sacou o tema dos traballadores, díllelo de verdade, el non o sacou, a el preguntáronlle polas consecuencias, e ao mellor é que hai concelleiros nesta Corporación que se informan máis que outros. Ao mellor hai concelleiros da Corporación que se informan máis que eles e sacan os temas porque se preocupan e consultan as cousas antes de dicir as cousas que din aquí.

Dona Margarita Iglesias Pais intervén para pedirlle ao Sr. alcalde que lle chame a atención ao seu concelleiro polas súas manifestacións.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta se lle está faltando a alguén ao respecto. Di que non, de verdade.

O Sr. alcalde pide silencio á Sra. concelleira socialista e dille que non lle ten dado a palabra, e que aquí non houbo insultos.

Dona Margarita Iglesias Pais responde que para formular unha cuestión de orde non lle ten que dar a palabra, ela o que está pedindo é que pola intervención que está tendo o Sr. Andreu, os insultos e as descualificacións que está vertendo, que lle chame á orde. Dito isto, gustaríalle pedir a palabra.

O Sr. alcalde pide que previamente termine a súa intervención o Sr. Andreu, se o deixan.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que chegados a este punto, onde a xente queda en evidencia, agora calquera argumento é posible para intentar salvar a súa imaxe. El recoñece que a súa estratexia é intelixente, interrompelo para quedar ela coa palabra, reitera que a súa estratexia é intelixente, pero dille que imos ver, que non son novatos aquí, e que os que crearon este problema, e os concelleiros o saben de sobra, son eles, e el o sente moito, e tenllo que dicir publicamente a todos os veciños, de verdade sente moito que nestes catro anos de lexislatura non teñan conseguido solucionar o problema tan grave que ten o concello. Aínda que pareza mentira é un dos principais problemas que ten o Concello de Cambre, ese que eles crearon, ese de colocar en postos clave a xente que a eles lles interesou, ese é un dos problemas clave que ten o Concello de Cambre, un grave problema que está lastrando o funcionamento do concello. E está a dicilo perfectamente consciente.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que lle gustaría pedir unha rolda de palabra, ao cal o Sr. alcalde responde que xa a viu, pero que pediu antes a palabra a voceira do BNG.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Victoria Amor Prieto dille ao voceiro popular que viñan aquí, ao último pleno ordinario, ela dende logo viña con gañas de non enfadarse, pero di que llas pide o corpo. Dille que non se preocupe e que non a interrompa, e rógalle ao Sr. alcalde que lle esixa o mesmo que lles esixiu aos demais.

Continúa dicindo que, en primeiro lugar, fala de Dani, do BNG, pero esa decisión que en vista a esta sentenza foi errónea, que se tomou en maio do ano pasado, foi dela, di que o erro foi dela, foi ela a que influíu nese momento, por un tema de conciencia de clase, porque ela tamén é traballadora, porque os sindicatos estaban detrás e, sinceramente, ao mellor por unha información nesgada. Tomouse unha decisión, pero en ningún caso lle consinte que diga que esa decisión foi a que fixo que se aprobara ese punto na orde do día, porque iso non é verdade.

Ela xa sabía que ía saír este tema, xa o sabía, coñécense e saben como van, sabía que ía saír. Nese momento os sete do PP, o Partido Galeguista e o voto do BNG foi a prol da modificación da RPT, votou en contra o PSOE e UxC, e abstivéronse os outros partidos, co cal, aínda que o BNG non tivera votado a prol, o voto de calidade do alcalde tería sacado exactamente igual adiante o asunto. Por iso, pide que non faga agora aquí unha campaña

electoral, que non utilice o pleno, pídelle que sexa un pouco máis demócrata para facer campaña electoral, porque iso non é verdade. En todo caso, naquel momento non había unha sentenza en contra da modificación da RPT, agora si que a hai, e non só iso, o equipo de goberno está índose, pregunta se queren deixar ao concello metido en preitos.

Despois falouse de Felipe e tal e cal, e a ela parécelle, ao mellor está equivocada, pero parécelle que isto foi un erro máis do Sr. Rivas. Na empresa na que ela traballa o que manda é o xefe, e precisamente o Sr. Rivas non é desas persoas, polo que levan vendo os que levan aquí catro anos, enormemente demócrata de deixar facer. El vén da empresa privada e aquí ninguén se move sen o seu mandato, e se non é así, entón estaba aí para parar ao seu concelleiro.

Aquí está asumindo Felipe un protagonismo cando a ela lle parece que a responsabilidade neste caso é do alcalde, loxicamente, igual que os triunfos tamén son do alcalde e vai ir vendelos por aí, aínda que non sabe cales, porque sinceramente igual é que xa ten mala memoria, pero non lembra cales son os seus grandes triunfos destes catro anos de xestión. Ela debe ter a memoria mal, si, o problema é se non o lembran tampouco os veciños, ese vai ser o problema.

Conclúe dicindo que quere deixar claro que naquel momento non había unha sentenza, e neste momento si a hai, co cal, a 20 días de irse non cre que deban deixar todo este tema metido no xulgado.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que pola súa intervención se cualifica el só. Dille ao Sr. Andreu que leva catro anos escoitando os seus exabruptos e saídas de ton, francamente ela cre que incluso estas teñen un límite. O que acaba de facer na súa intervención foi imputar delitos, estivo falando expresamente, acusando a gobernos anteriores de colocar a persoas, iso ten un nome, e por iso lle ten pedido á secretaria que conste en acta, e se non é así, pídelle que o retire e pida desculpas.

Don Felipe Andreu Barallobre intervén para dicir que non, e que isto si que é unha cuestión de orde.

Dona Margarita Iglesias Pais reitera que acaba de acusar a gobernos anteriores de colocar á xente.

Don Felipe Andreu Barallobre repite varias veces que non.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que falou de colocar á xente, de colocar a funcionarios en postos clave.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que en postos estratéxicos, porque unha cousa é o acceso á función pública, que se fai por oposición, e outra do que el está falando, e pide perdón ao Sr. alcalde, porque ten que explicarse dado que o están imputando, estase dicindo que cometeu un delito, e el quere explicalo.

O Sr. alcalde pídelle varias veces que se deteña un momento.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que non, e que iso que se dixo depende da ignorancia desa persoa que está falando.

O Sr. alcalde volve dicirlle que é soamente un momento, que el llo aclara. Pide que respecte a quenda de palabra, que terá dereito a réplica, e que el sabe o que dixo, porque ademais consta en acta. Seguidamente pídelle á concelleira socialista que termine a súa intervención.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que o que o Sr. Andreu dixo é absolutamente grave, moi grave o que dixo. En segundo lugar, ela cre que a súa actitude política en xeral, ademais de prepotente e de falta de morneza, pódese cualificar tamén de covarde. Dille que xa está ben, que deixe de parapetarse detrás de todo o

mundo, detrás duns sindicatos para que lle fagan unha RPT, detrás dunhas persoas para xustificar as súas faltas en canto á xestión pública, e agora xa o de sempre, xa é o comentario típico, detrás da herdanza recibida. Dille que isto xa é unha tomadura de pelo.

Conclúe pedíndolle que deixe de tomar o pelo aos cidadáns e que non sexa covarde, que asuma que en tres anos a súa xestión á fronte de Persoal é nefasta, hoxe no concello o ambiente é moito máis irrespirable do que era hai catro anos.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que ela simplemente formulou unha pregunta, igual non lle puxo o interrogante, pero como non lla contestaron, neste caso gustaríalle que a Sra. secretaria lles informara sobre os termos nos que está presentada esta resolución da Alcaldía, sendo competencia do Pleno e non xustificándose a súa urxencia, se a poden presentar nestes termos, se a poden votar e se esa ratificación ou ese voto ten validez.

Concedida a palabra á Sra. secretaria xeral da Corporación explica que ela cre que en realidade é sobre o mesmo tema dúas posturas diferentes, a ver cal tratan das dúas. Di que é certo que se trata dunha resolución que se ditou polo Sr. alcalde, que non era necesaria porque había un pleno ordinario, e incluso podía ter convocado un pleno extraordinario, porque todo o mundo xa o está dicindo, a competencia é do Pleno. Entón, se é do Pleno non era necesario que o Sr. alcalde tivera ditado esa resolución, con ter traído unha proposta a este pleno para que acordaran o mesmo que está na resolución, xa era suficiente.

Entón, efectivamente, a resolución do Sr. alcalde padece dun vicio, porque ela non sabe se xa terán apelado, non sabe se xa terán presentado a apelación ante o xulgado, non o sabe. Dende logo, se a presentaron, estará pendente do que faga o Pleno. Se o Pleno non a ratifica, está claro que non vale a resolución do Sr. alcalde. Así pois, sexa cunha resolución ou sexa cunha proposta, o que está claro é que ten que decidilo o Pleno.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que quere facerlle unha pregunta á Sra. secretaria, porque aquí están ante un acto que é nulo por falta de competencia material, non é competencia xerárquica, así que pregunta se a ratificación do Pleno ratifica o acto.

A Sra. secretaria sinala que por motivos de urxencia pódese facer. Xa teñen dito que non é o caso, pero téñeno traído como un punto na orde do día, e pódese loxicamente ratificar esa resolución ou non, o que está claro é que o Pleno ten que adoptar unha decisión.

Dona Margarita Iglesias Pais reitera a pregunta de se un acto adoptado con falta de competencia material, porque está claro que a competencia é do Pleno, pode validarse.

A Sra. secretaria contesta que se eles o ratifican si, porque é o defecto que ten.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que están falando de competencia material, non xerárquica.

A Sra. secretaria insiste en que a competencia a ten o Pleno, e pregunta o resultado final cal é. A competencia é do Pleno, eles teñen aquí unha resolución, a resolución non está motivada, claro que non, ten un vicio, pero o Sr. alcalde tróuxoa ao pleno, entón eles ou a ratifican ou non o fan, unha de dúas. Se a ratifican presentarase o recurso de apelación, se non a ratifican non se presentará o recurso de apelación. O Pleno ten agora nas súas mans ratificar ou non a resolución, porque o alcalde ténllela traído, é igual que se a trouxera como unha proposta, porque senón, se agora a deixan sobre a mesa porque foi unha resolución que ditou o Sr. alcalde sen tela motivado, o resultado é o mesmo, o alcalde tería que convocar outro pleno para ver se deciden apelar ou non facelo. Convocarían outro pleno extraordinario, se eles queren, antes de presentar o recurso de apelación, que ela non sabe se xa teñen presentado, o que está claro é que dende os servizos da Deputación non poden



presentar o recurso mentres o Pleno non o decida, porque é competencia do Pleno. Eles o teñen neste momento, agás que queiran volver a celebrar outro pleno extraordinario para volver a traer este asunto.

Conclúe dicindo que a competencia é do Pleno e que este é o momento procedimental para decidir. Que non se presentou na forma adecuada, efectivamente, pero a forma adecuada tería sido unha proposta do Sr. alcalde para presentar o recurso de apelación, unha proposta, en vez dunha resolución. O resultado é o mesmo.

Dona M<sup>a</sup> Olga Santos López pregúntalle á Sra. secretaria se a ela lle pediron informe sobre a legalidade da proposta que se traía a pleno.

A Sra. Secretaria contesta que non, que a ela non lle pediron nada, nin para facer a resolución tampouco.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que tampouco é que a teña que informar a secretaria.

Concedida a palabra a dona M<sup>a</sup> Olga Santos López manifesta que a pregunta que fixo foi simplemente por isto, para deixalo claro. Sabía cal era a resposta e agradécelle de todas formas á secretaria que llela dera, pero trataba de deixar claro, unha vez máis, a forma de gobernar deste alcalde, que incluso cando é simplemente unha cuestión, non é que sexa de forma, pero que poden velo así, que non ten maior complicación, asume competencias que non son súas, e durante estes catro anos lévao facendo en moitísimos plenos. Coa lei na man dilles a eles as cousas que son da súa competencia e as que non son, e tamén lles di que se meten en asuntos que son da súa competencia, pero el sempre, absolutamente sempre, falta ao respecto ao Pleno desta Corporación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el simplemente quere aclarar que el non imputa ningún delito. Hai formas e formas de xestionar ao persoal, hai moitas formas, hai unha forma puramente obxectiva, garantindo unha carreira profesional, facendo concursos. Pregunta se a Sra. concelleira lle pode dicir, ela que tanto sabe, ou que se supón que tanto sabe, ou polo menos fala de forma que parece que tanto sabe, cantos concursos houbo entre funcionarios do Concello de Cambre para ocupar xefaturas de área neste concello nos últimos 30 ou 35 anos. Pregúntalle se lle pode dicir cantos concursos ten habido, concursos entre funcionarios, díllelo el, cero, cero concursos ten habido. Dilles que esa é a política de persoal que defenden, e que esa é a política que defenden esas persoas, as persoas que están aí.

Expón que el si que se arrepinte, claro que se arrepinte de cousas. Volve dicirlle que se arrepinte de ter medido mal as forzas e de ter medido mal os tempos, isto tíñase que ter feito o primeiro ano de lexislatura, non o último, ese é o primeiro erro. O segundo erro é ter pensado que a maioría dos traballadores non ían apoiar esta situación, que se mantivera esta situación. Iso foi un erro, sinceramente dille que foi un erro, pero pódelle dicir tamén que os resultados non foron estrepitosos, foron 62-59. Pódelle dicir que hai 62 traballadores, pero hai 24.000 veciños, e un Goberno e unha Corporación débese aos veciños, non a 62 traballadores.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño di que a el, no mesmo sentido o Sr. Andreu lle podía reprochar o mesmo que lle reprochou ao representante do BNG, a Dani, porque el tamén cambiou de opinión. UxC foi quen votou en contra, porque entendían que esa RPT non tiña nin pés nin cabeza, pero agora din que non son xuristas, está claro que hai varias interpretacións, acaban de escoitalo entre varios dos que están aquí presentes, e non poden formarse unha idea clara do que realmente ocorre. O que si que teñen claro é que todos deben de ter o dereito á apelación.

A mala xestión do Sr. concelleiro, a súa soberbia, a súa prepotencia, levou a prexudicar aos traballadores e aos veciños, e iso ten ocorrido nestes catro anos, iso é o que ten ocorrido ata agora. Dille que non veña dicindo que foron os demais que puxeron ao persoal, dille que non, que están falando desta lexislatura e do que fixeron eles. O dano xa está feito. Teñen agora unha sentenza e van apelar, se volven perder outra cousa será a

responsabilidade patrimonial, e el agarda que se a alguén se lle reclama esa responsabilidade patrimonial, se lle reclame a eles directamente, porque UxC ademais o apoiará.

Conclúe dicindo que o Sr. Andreu acaba de dicir que o seu primeiro erro foi, o seu segundo erro foi..., pero dille que non falou de consensuar, de negociar co resto da Corporación absolutamente nada, eles ordenan e mandan, traen ao pleno as súas propostas e hai que votar si ou non. O de negociar, o de consensuar, todo iso durante estes catro anos UxC polo menos non o viviu, por iso cren que o dereito a apelar debe telo todo o mundo e vanse abster neste punto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), votan en contra os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os dous concelleiros presentes de UxC.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 657/2015, do 17 de abril, de apelación contra a sentenza 50/2015 sobre recurso procedemento abreviado 286/14-C, interposto por FSP-UGT, fronte ao acordo do Pleno da Corporación de data 19 de maio de 2014.

### **2.8. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2015 para a modificación da ficha do posto de traballo de coordinador de protección civil. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD), e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por nove votos a prol e once en contra, non acadou a maioría absoluta do número legal de membros esixida nos artigos 99.4, 100 e 108.5 alínea 2 do Regulamento orgánico municipal e, polo tanto, rexeitou declarar a urxencia da proposta presentada.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. Declaracións institucionais**

Este punto non foi utilizado.

### **3.2. Mocións dos grupos municipais**

Este punto non foi utilizado.

## **4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

### **4.1. Informes do equipo de goberno**

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 485/2015, do 26 de marzo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o Plan orzamentario a medio prazo do Concello de Cambre do período 2015-2018, consonte aos datos seguintes:

#### F.2.1.1 Datos Económicos consolidados. Ingresos (en euros).

##### Estimación Dereitos reconocidos netos.

| Ingresos  | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|---|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| <b>Ingresos corrientes</b>  | <b>14.882.690,32</b>   | <b>1,50</b>                      | <b>15.105.930,68</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>15.362.731,49</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>15.623.897,94</b>   |
| Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones politicas)       | 14.814.690,32          | 1,97                             | 15.105.930,68          | 1,70                             | 15.362.731,49          | 1,70                             | 15.623.897,94          |
| <b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>                                 | <b>68.000,00</b>       |                                  | <b>0,00</b>            |                                  | <b>0,00</b>            |                                  | <b>0,00</b>            |
| Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias | 68.000,00              |                                  | 0,00                   |                                  | 0,00                   |                                  | 0,00                   |
| <b>Ingresos de capital</b>  | <b>606.982,87</b>      | <b>1,50</b>                      | <b>616.087,61</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>626.561,10</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>637.212,64</b>      |
| Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones politicas)       | 606.982,87             | 1,50                             | 616.087,61             | 1,70                             | 626.561,10             | 1,70                             | 637.212,64             |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)  |                        |                                  |                        |                                  |                        |                                  |                        |
| <b>Ingresos no financieros</b>  | <b>15.489.673,18</b>   | <b>1,50</b>                      | <b>15.722.018,29</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>15.989.292,60</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>16.261.110,58</b>   |
| Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones politicas)       | 15.421.673,18          | 1,95                             | 15.722.018,29          | 1,70                             | 15.989.292,60          | 1,70                             | 16.261.110,58          |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)  | 68.000,00              |                                  | 0,00                   |                                  | 0,00                   |                                  | 0,00                   |
| <b>Ingresos financieros</b>   | <b>648.146,25</b>      | <b>-48,67</b>                    | <b>332.705,14</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>338.361,13</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>344.113,27</b>      |
| Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones politicas)       | 327.788,32             | 1,50                             | 332.705,14             | 1,70                             | 338.361,13             | 1,70                             | 344.113,27             |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)  | 320.357,93             | -100,00                          | 0,00                   |                                  | 0,00                   |                                  | 0,00                   |
| <b>Ingresos totales</b>   | <b>16.137.819,43</b>   | <b>-0,51</b>                     | <b>16.054.723,44</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>16.327.653,73</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>16.605.223,85</b>   |
| Derivados de evolucion tendencial (no afectados por modificaciones politicas)       | 15.749.461,50          | 1,90                             | 16.054.723,44          | 1,70                             | 16.327.653,73          | 1,70                             | 16.605.223,85          |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)  | 388.357,93             | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |

| A) Detalle de ingresos corrientes                      | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|--|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| <b>Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos</b> | <b>5.646.344,61</b>    | <b>1,50</b>                      | <b>5.731.039,79</b>    | <b>1,70</b>                      | <b>5.828.467,45</b>    | <b>1,70</b>                      | <b>5.927.551,41</b>    |
| Impuesto sobre Bienes Inmuebles                        | 3.558.121,17           | 1,50                             | 3.611.492,99           | 1,70                             | 3.672.888,37           | 1,70                             | 3.735.327,47           |
| Impuesto sobre Actividades Económicas                  | 495.696,39             | 1,50                             | 503.131,84             | 1,70                             | 511.685,08             | 1,70                             | 520.383,73             |

|  |                      |             |                      |             |                      |             |                      |
|--|----------------------|-------------|----------------------|-------------|----------------------|-------------|----------------------|
| Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica                            | 1.313.627,72         | 1,50        | 1.333.332,14         | 1,70        | 1.355.998,79         | 1,70        | 1.379.050,77         |
| Impuesto sobre Incremento del Valor de los Terrenos de Naturaleza Urbana | 163.031,25           | 1,50        | 165.476,72           | 1,70        | 168.289,82           | 1,70        | 171.150,75           |
| Impuesto sobre Construcciones Instalaciones y Obras                      | 115.868,07           | 1,50        | 117.606,09           | 1,70        | 119.605,39           | 1,70        | 121.638,68           |
| Cesión de impuestos del Estado   | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 |
| Ingresos de capítulos 1 y 2 no incluidos anteriormente                   | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 |
| <b>Capítulo 3. Tasas, precios públicos y otros ingresos.</b>             | <b>2.551.089,04</b>  | <b>1,50</b> | <b>2.589.355,38</b>  | <b>1,70</b> | <b>2.633.374,42</b>  | <b>1,70</b> | <b>2.678.141,79</b>  |
| <b>Capítulo 4. Transferencias corrientes.</b>                            | <b>6.682.037,79</b>  | <b>1,50</b> | <b>6.782.268,35</b>  | <b>1,70</b> | <b>6.897.566,92</b>  | <b>1,70</b> | <b>7.014.825,55</b>  |
| Participación en tributos del Estado                                     | 4.784.636,06         | 1,50        | 4.856.405,60         | 1,70        | 4.938.964,50         | 1,70        | 5.022.926,90         |
| Resto de Transferencias corrientes (resto Cap.4)                         | 1.897.401,73         | 1,50        | 1.925.862,76         | 1,70        | 1.958.602,43         | 1,70        | 1.991.898,67         |
| <b>Capítulo 5. Ingresos patrimoniales</b>                                | <b>3.218,88</b>      | <b>1,50</b> | <b>3.267,16</b>      | <b>1,70</b> | <b>3.322,70</b>      | <b>1,70</b> | <b>3.379,19</b>      |
| <b>Total de Ingresos corrientes</b>                                      | <b>14.882.690,32</b> | <b>1,50</b> | <b>15.105.930,68</b> | <b>1,70</b> | <b>15.362.731,49</b> | <b>1,70</b> | <b>15.623.897,94</b> |

| B) Detalle de ingresos de capital      | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|--|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| Capítulo 6. Enajenación de inversiones | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |
| Capítulo 7. Transferencias de capital  | 606.982,87             | 1,50                             | 616.087,61             | 1,70                             | 626.561,10             | 1,70                             | 637.212,64             |
| <b>Total de Ingresos de Capital</b>    | <b>606.982,87</b>      | <b>1,50</b>                      | <b>616.087,61</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>626.561,10</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>637.212,64</b>      |

| C) Detalle de ingresos financieros           | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|--|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| Capítulo 8. Ingresos por activos financieros | 2.788,32               | 1,50                             | 2.830,14               | 1,70                             | 2.878,25               | 1,70                             | 2.927,18               |
| Capítulo 9. Ingresos por pasivos financieros | 645.357,93             | 1,50                             | 329.875,00             | 1,70                             | 335.482,88             | 1,70                             | 341.186,09             |
| <b>Total de Ingresos Financieros</b>         | <b>648.146,25</b>      | <b>-48,67</b>                    | <b>332.705,14</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>338.361,13</b>      | <b>1,70</b>                      | <b>344.113,27</b>      |

## F.2.1.2 Datos Económicos consolidados. Gastos (en euros).

### Estimación Obligaciones reconocidas netas.

| Gastos  | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|---|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| <b>Gastos corrientes</b>  | <b>12.753.619,41</b>   | <b>1,50</b>                      | <b>12.944.923,70</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>13.164.987,40</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>13.388.792,19</b>   |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 12.753.619,41          | 1,50                             | 12.944.923,70          | 1,70                             | 13.164.987,40          | 1,70                             | 13.388.792,19          |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)                                  | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |
| Medida 15: Otras medidas por el lado de los gastos corrientes                 |                        |                                  |                        | 0,00                             |                        | 0,00                             |                        |
| <b>Gastos de capital</b>  | <b>1.279.760,44</b>    | <b>1,50</b>                      | <b>1.298.956,85</b>    | <b>1,70</b>                      | <b>1.321.039,11</b>    | <b>1,70</b>                      | <b>1.343.496,78</b>    |

|   |                      |                |                      |             |                      |              |                      |
|---|----------------------|----------------|----------------------|-------------|----------------------|--------------|----------------------|
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 959.402,51           | 35,39          | 1.298.956,85         | 1,70        | 1.321.039,11         | 1,70         | 1.343.496,78         |
| <b>Derivados de modificaciones de políticas (*)</b>                           | <b>320.357,93</b>    | <b>-100,00</b> | <b>0,00</b>          | <b>0,00</b> | <b>0,00</b>          | <b>0,00</b>  | <b>0,00</b>          |
| Medida 16: No ejecución de inversión prevista inicialmente                    | 320.357,93           | -100,00        |                      | 0,00        |                      | 0,00         |                      |
| <b>Gastos no financieros</b>  | <b>14.033.379,85</b> | <b>1,50</b>    | <b>14.243.880,55</b> | <b>1,70</b> | <b>14.486.026,51</b> | <b>1,70</b>  | <b>14.732.288,97</b> |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 13.713.021,92        | 3,87           | 14.243.880,55        | 1,70        | 14.486.026,51        | 1,70         | 14.732.288,97        |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)                                  | 320.357,93           | -100,00        | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 | 0,00         | 0,00                 |
| <b>Gastos financieros</b>   | <b>532.390,19</b>    | <b>-10,00</b>  | <b>479.127,47</b>    | <b>1,50</b> | <b>486.301,83</b>    | <b>-8,02</b> | <b>447.289,41</b>    |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 532.390,19           | -10,00         | 479.127,47           | 1,50        | 486.301,83           | -2,45        | 447.289,41           |
| <b>Gastos totales</b>   | <b>14.565.770,04</b> | <b>1,08</b>    | <b>14.723.008,02</b> | <b>1,69</b> | <b>14.972.328,34</b> | <b>1,38</b>  | <b>15.179.578,38</b> |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 14.245.412,11        | 3,35           | 14.723.008,02        | 1,69        | 14.972.328,34        | 1,38         | 15.179.578,38        |
| Derivados de modificaciones de políticas (*)                                  | 320.357,93           | -100,00        | 0,00                 | 0,00        | 0,00                 | 0,00         | 0,00                 |

| A) Detalle de gastos corrientes                     | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|---|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| Capítulo 1. Gastos de personal                      | 5.670.379,58           | 1,50                             | 5.755.435,28           | 1,70                             | 5.853.277,67           | 1,70                             | 5.952.783,40           |
| Capítulo 2. Gastos corrientes en bienes y servicios | 6.187.998,24           | 1,50                             | 6.280.818,21           | 1,70                             | 6.387.592,12           | 1,70                             | 6.496.181,19           |
| Capítulo 3. Gastos financieros                      | 95.366,60              | 1,50                             | 96.797,09              | 1,70                             | 98.442,65              | 1,70                             | 100.116,17             |
| Capítulo 4. Transferencias corrientes               | 799.874,99             | 1,50                             | 811.873,12             | 1,70                             | 825.674,96             | 1,70                             | 839.711,43             |
| Capítulo 5: Fondo de Contingencia                   | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |
| <b>Total de Gastos Corrientes</b>                   | <b>12.753.619,41</b>   | <b>1,50</b>                      | <b>12.944.923,70</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>13.164.987,40</b>   | <b>1,70</b>                      | <b>13.388.792,19</b>   |

| B) Detalle de gastos de capital       | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|---------------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| Capítulo 6. Inversiones reales        | 1.263.932,47           | 1,50                             | 1.282.891,46           | 1,70                             | 1.304.700,61           | 1,70                             | 1.326.880,52           |
| Capítulo 7. Transferencias de capital | 15.827,97              | 1,50                             | 16.065,39              | 1,70                             | 16.338,50              | 1,70                             | 16.616,26              |
| <b>Total de Gastos Capital</b>        | <b>1.279.760,44</b>    | <b>1,50</b>                      | <b>1.298.956,85</b>    | <b>1,70</b>                      | <b>1.321.039,11</b>    | <b>1,70</b>                      | <b>1.343.496,78</b>    |

| C) Detalle de gastos financieros    | Año 2015<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2016/2015 | Año 2016<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2017/2016 | Año 2017<br>(en euros) | % tasa<br>variación<br>2018/2017 | Año 2018<br>(en euros) |
|-------------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|----------------------------------|------------------------|
| Capítulo 8. Activos financieros     | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |
| Aportaciones patrimoniales          | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |
| Otros gastos en activos financieros | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   | 0,00                             | 0,00                   |
| Capítulo 9. Pasivos financieros     | 532.390,19             | -10,00                           | 479.127,47             | 1,50                             | 486.301,83             | -2,45                            | 447.289,41             |
| <b>Total de Gastos Financieros</b>  | <b>532.390,19</b>      | <b>-10,00</b>                    | <b>479.127,47</b>      | <b>1,50</b>                      | <b>486.301,83</b>      | <b>-2,45</b>                     | <b>447.289,41</b>      |

### F.2.1.3 Saldos e outras magnitudes (en euros).

| Saldos y otras magnitudes | Año 2015 | % tasa | Año 2016 | % tasa | Año 2017 | % tasa | Año 2018 |
|---------------------------|----------|--------|----------|--------|----------|--------|----------|
|---------------------------|----------|--------|----------|--------|----------|--------|----------|

|   | (en euros)          | variación<br>2016/2015 | (en euros)          | variación<br>2017/2016 | (en euros)          | variación<br>2018/2017 | (en euros)          |
|---|---------------------|------------------------|---------------------|------------------------|---------------------|------------------------|---------------------|
| <b>Saldo operaciones corrientes</b>   | <b>2.129.070,90</b> |                        | <b>2.161.006,97</b> |                        | <b>2.197.744,08</b> |                        | <b>2.235.105,72</b> |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 2.061.070,90        |                        | 2.161.006,97        |                        | 2.197.744,08        |                        | 2.235.105,72        |
| Derivados de modificaciones de políticas                                      | 68.000,00           |                        | 0,00                |                        | 0,00                |                        | 0,00                |
| <b>Saldo operaciones de capital</b>   | <b>-672.777,57</b>  |                        | <b>-682.869,23</b>  |                        | <b>-694.478,00</b>  |                        | <b>-706.284,13</b>  |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | -352.419,64         |                        | -682.869,23         |                        | -694.478,00         |                        | -706.284,13         |
| Derivados de modificaciones de políticas                                      | -320.357,93         |                        | 0,00                |                        | 0,00                |                        | 0,00                |
| <b>Saldo operaciones no financieras</b>                                       | <b>1.456.293,33</b> |                        | <b>1.478.137,73</b> |                        | <b>1.503.266,08</b> |                        | <b>1.528.821,59</b> |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | 1.708.651,26        |                        | 1.478.137,73        |                        | 1.503.266,08        |                        | 1.528.821,59        |
| Derivados de modificaciones de políticas                                      | -252.357,93         |                        | 0,00                |                        | 0,00                |                        | 0,00                |
| <b>Saldo operaciones financieras</b>  | <b>115.756,06</b>   |                        | <b>-146.422,32</b>  |                        | <b>-147.940,69</b>  |                        | <b>-103.176,14</b>  |
| Derivados de evolución tendencial (no afectados por modificaciones políticas) | -204.601,87         |                        | -146.422,32         |                        | -147.940,69         |                        | -103.176,14         |
| Derivados de modificaciones de políticas                                      | 320.357,93          |                        | 0,00                |                        | 0,00                |                        | 0,00                |
| <b>Saldo operaciones no financieras</b>                                       | <b>1.456.293,33</b> |                        | <b>1.478.137,73</b> |                        | <b>1.503.266,08</b> |                        | <b>1.528.821,59</b> |
| (+/-) Ajustes para el cálculo de cap. o neces. Financ. SEC95                  |                     |                        |                     |                        |                     |                        |                     |
| <b>Capacidad o necesidad de financiación</b>                                  | <b>1.456.293,33</b> |                        | <b>1.478.137,73</b> |                        | <b>1.503.266,08</b> |                        | <b>1.528.821,59</b> |
| <b>Deuda viva a 31/12</b>   | <b>2.929.864,16</b> | <b>-5,09</b>           | <b>2.780.611,69</b> | <b>-5,42</b>           | <b>2.629.792,74</b> | <b>-4,03</b>           | <b>2.523.689,42</b> |
| A corto plazo   |                     | 0                      |                     | 0                      |                     | 0                      |                     |
| A largo plazo   | 2.929.864,16        | -5,09                  | 2.780.611,69        | -5,42                  | 2.629.792,74        | -4,03                  | 2.523.689,42        |
| <b>Ratio Deuda viva/Ingresos corrientes</b>                                   | <b>0,20</b>         | <b>-10,00</b>          | <b>0,18</b>         | <b>-5,56</b>           | <b>0,17</b>         | <b>-5,88</b>           | <b>0,16</b>         |

Segundo: Ordear á intervención municipal a remisión da información relativa ao Plan orzamentario a medio prazo do Concello de Cambre do período 2015-2018 a través da plataforma da Oficina Virtual de coordinación financeira coas Entidades locais, con data límite 23 de marzo de 2015.

Terceiro: Dar conta ao pleno da corporación na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 635/2015, do 15 de abril, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 15 de abril ao 15 de maio de 2015 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

## 4.2. Rogos

### Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3544 o día 25 de abril de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Veciños da Estrada da Estación denuncian que, un ano máis, os plátanos sitos nas beiras seguen sen ser podados.

Por todo o manifestado este grupo solicita se requira á Deputación Provincial para que leve a cabo os labores de mantemento e poda das sinaladas árbores.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que se puxeron en contacto coa Deputación e dixéronlles que teñen o expediente para a contratación iniciado, para podar en outono. Segundo a enxeñeira agrónoma da Deputación en outubro ou novembro, máis ou menos.

2º Os veciños do Temple denuncian que o semáforo sito no paso de peóns da Casa das Palmeiras permanece continuamente en cor ámbar. O certo é que, a pesares de ter preferencia os peóns, son moitos os vehículos que non o respectan, co que se xera perigo de atropelo dos viandantes.

Por todo o manifestado este grupo solicita se requira á Xunta de Galicia, administración titular da estrada, para que cambie o funcionamento do semáforo, co fin de que funcione a petición de paso dos peóns por medio dun botón.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, explica que xa tiñan comentado noutro pleno que se ía facer unha proba, por dicilo dalgunha forma, con ámbar, para ver se funcionaba a cousa e non había problemas. Houbo bastantes queixas, entón o que está previsto é facer unha proba a semana que vén, seguramente a principios, con outro semáforo con botón para os peóns, tamén durante un tempo para ver como resulta.

3º Rogamos se arranxe a focha existente no camiño, á altura do número 2 da rúa Castiñeiro, en Cambre.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, acepta o rogo.

### **Rogos de UxC presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3537 o día 25 de abril de 2015.

1º Segundo o contrato asinado, o Plan xeral tería que estar totalmente aprobado no prazo de 41 meses dende a súa sinatura. Esta realizouse o 14 de decembro de 2010, o que supón que tería que estar rematado o 14 de xuño de 2014, é dicir hai un ano. Nestes momentos, o realizado non representa máis do 40% do total. Isto é, para facer o 40% do traballo tardouse un ano máis que o previsto para realizar o total do traballo. Nestas condicións ninguén pode discutir que hai un sobrado incumprimento do contrato.

Solicitamos se nos explique cal é a escusa que o alcalde dá aos veciños de Cambre para xustificar esta negligente xestión.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, di que escusa é o motivo ou pretexto que se invoca para eludir unha obriga ou desculpar unha omisión, e que en ningún momento este Goberno ten deixado de lado a súa obriga de aprobar un Plan xeral, tanto é así que, a pesar dos problemas que se atoparon coa UTE encargada de redactar o documento, a día de hoxe o dito documento está sendo informado polos técnicos municipais.

Teñen conseguido nos últimos 48 meses facer máis que nas dúas últimas lexislaturas previas a esta, nunha das cales o Sr. García Patiño estaba no Goberno, xa que, a día de hoxe, téñense solicitado os informes sectoriais previos e necesarios para a tramitación do documento inicial, dos cales xa se empezou a recibir contestación, polo tanto, escusas non van dicir ningunha, están traballando para poder levalo a cabo, se ben é certo que con atraso, pero intentando resolver sempre os problemas que se teñen presentado.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece a explicación, pero xa é a segunda ou terceira vez que din o de cando el estaba no Goberno, e dilles que precisamente está onde está agora porque había cousas que non estaba de acordo en como se facían.

Dende outubro a Sra. concelleira estalles dicindo que lles vai dar o Plan xeral ao día seguinte, están a finais de lexislatura, en maio, e aínda non llelo deu. Tampouco lles deu ningunha escusa, simplemente lles di que están traballando os técnicos municipais. O último que lles dixo é que había outras administracións que tiñan que informar, e unha vez que informaran que llelo ía dar, pero seguen igual, e iso é o que eles lle reprochan.

Dona Rocío Vila Díaz dille que terán o Plan xeral cando estea completo. Segue faltándolle unha parte do catálogo, xa llelo dixo, e cando o teñan, daráselles a todos.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que o Plan xeral podían telo dende outubro, porque podían ter empezado a estudalo, a discutilo entre todos os grupos políticos, e a ensinarllelo aos veciños e discutilo con eles. O Goberno empéñase en telo nun caixón, e eles saberán o porqué.

2º No pleno do mes de marzo advertimos ao alcalde que o Catastro non estaba a cumprir co que prometeu, en concreto cos prazos das alegacións á valoración catastral.

Nese pleno vostede dixo que ao día seguinte se poñería en contacto co Catastro e que nos informaría.

Pasado un mes, solicitamos información ao respecto.

O Sr. alcalde explica que el ao día seguinte, como lles dixo, e dado que o Sr. García Patiño lle facilitou o seu recibo e o Sr. Carballada facilitoulle o del e máis outros dous, pasóulles a Catastro, e contestoulles o Sr. Bericochea, xerente rexional, dicíndolles e váillelo ler textualmente: “Bos días. En relación coa atención aos recursos de reposición presentados ante a Xerencia con ocasión da revisión catastral de Cambre, informo que en todos os casos se teñen cumprido os compromisos adquiridos respecto dos prazos de presentación. Os exemplos remitidos non se corresponden a recursos de reposición, senón a reclamacións económico-administrativas, cuxa resolución corresponde ao Tribunal Económico-Administrativo de Galicia e sobre as que non temos competencia ningunha.”

O Sr. alcalde di que lles facilitará ao Sr. García Patiño e ao Sr. Carballada unha copia ao acabar o pleno, por se desexan dirixirse á Xerencia do Catastro para que llelo expliquen, pero cre que é porque a reclamación ten sido unha reclamación económico-administrativa e non un recurso, porque na contestación de Catastro estalle dicindo que cumpriron todos os compromisos respecto dos prazos de presentación aos que se tiñan comprometido.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta cando lle remitiron ese correo electrónico.

O Sr. alcalde contesta que o que ten é unha fotocopia, non lle pode dar agora mesmo a data, pero darállela, diralle a súa secretaria que lle saque o orixinal, para que vexan a data.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que lle agradece a xestión, por suposto, seguramente é que se equivocou el ao facer a reclamación, a fixo onde non debía, ou interpretouno mal, xa verán agora o resto dos veciños e veciñas que si o fixeron directamente no Catastro, porque hainos, e que non cumpriron. De todas formas, el entende que si debería depender do Ministerio de Facenda esa reclamación.

Conclúe dicindo que lle agradece a xestión, pero o que si lle reprocha é que teña que traelo outra vez a pleno para que el lle conteste. O Sr. alcalde dixera que ao día seguinte o ía facer, el facilitoulle a súa reclamación, o normal é que lle informara.



O Sr. alcalde dille que sempre o acusa deses atrasos.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que o que fai é reprocharlle, non o acusa.

O Sr. alcalde responde que si, que lle reprocha esas cousas, o de que se atrasa en contestarlle e demais. El díxolles que ao día seguinte ía trasladar as peticións dos concelleiros ao Catastro, e iso fixo, agora pregúntanlle pola data, pois dille que a data non a sabe porque o que ten é unha fotocopia, pero que non se preocupe, que mañá a súa secretaria saca o correo e sabe a data en que lle contestou o Catastro.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que a postura do seu grupo a este respecto é a de incidir no que dixeron no pleno do mes de marzo, que lles están tomando o pelo, están aducindo unha argucia legal ao respecto da diferenza entre a reclamación económico-administrativa e o propio recurso de reposición. Di que o BNG incidiu moito nisto no pleno do mes de marzo, e o Sr. alcalde díxoo, que eran todas as alegacións, todas as queixas habidas e por haber relativas á actualización de valores e as queixas derivadas que dela houbera.

El, que de momento parvo non é, e o di con toda modestia, fixo o seu recurso ao Tribunal Económico-Administrativo, con toda a mala leite do mundo, xustamente un mes e un día despois de que vencera o prazo, para ver se o que se estaba dicindo a esa altura nos medios de comunicación era certo. E ven a día de hoxe que non é certo, e el, con total e absoluta cordialidade, reclámalle ao Sr. alcalde, todos son fillos de Deus, que os que realizaron este tipo de reclamacións, diante neste caso do Tribunal Económico-Administrativo, sexan tamén atendidos ata o día 31 de decembro, e que non haxa distincións entre eles, porque senón el terá que pensar, e non o pensa, que lles están tomando o pelo.

O Sr. alcalde responde que el dálles a explicación que sabe, porque el non distingue a diferenza. Cando os concelleiros lle din que presentaron alegacións, pois son alegacións que a Dirección Xeral do Catastro as pode resolver. Se o Sr. Carballada presenta unha reclamación económico-administrativa e o xerente do Catastro lle di que sobre iso non ten competencia, que a ten que resolver o Tribunal Económico-Administrativo, el ten que encollerse de ombreiros e dicirlles que el non o sabe.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que el o que lle suxire é que vaia ao Tribunal Económico-Administrativo, que depende do Ministerio de Facenda, a dicírllo.

O Sr. alcalde contesta que quizais tería sido máis fácil facer unha alegación e non unha reclamación económico-administrativa, non o sabe, cando iso foi o que lles ofreceron.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que os cidadáns teñen o dereito a presentar esa reclamación.

O Sr. alcalde responde que xa sabe que teñen o dereito, pero que o que lles ofreceron foi resolver todas as alegacións presentadas ata o 31 de decembro, e el díxoo claro, alegacións presentadas ata o 31 de decembro.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que o Sr. alcalde dixo neste pleno que era todo o relativo á valoración, iso cando el lle incidiu no da letra pequena.

O Sr. alcalde di que terá razón.

O concelleiro do BNG dille que isto é moi fácil, ou defende aos veciños de Cambre ou defende aos seus amigos do PP, e xa está.

3º O día 6 de marzo con rexistro de entrada 0/2008 solicitábamnos que se nos informase de a quen correspondían os folletos que foron deixando por todo o concello, onde textualmente dicían “o equipo do alcalde”, preguntábamnos quen pagou estes folletos e en que calidade se presentaban como equipo do alcalde, non se nos contestou.

O día 6 de marzo e con rexistro de entrada 321, solicitábamnos información respecto da publicación en ‘La Voz de Galicia’ do 5 de marzo onde responsables do Goberno din que a Xunta obriga a Cambre a incluír non PXOM un proxecto de aparcadoiro no Temple.

O 13 de marzo e con rexistro de entrada 0/2270 solicitábamnos información respecto do procedemento e contrato do anteprojecto co estudo Nimo-Mezquitarquitectos S.L.P., procedemento e contrato do estudo de viabilidade con EOSA, e que indicasen se dentro deste estaban os traballos de Ingebaires S.L.U. Universidade de Vigo.

O día 23 de marzo contéstannos por escrito: “Dispón de toda a documentación solicitada no departamento municipal correspondente.”

Como se pode apreciar non contestou debidamente as nosas peticións, obrígnannos a perder de traballar para acudir ás dependencias municipais.

- Non nos di exactamente en que departamento está a documentación.
- Obrígnannos a facer unha peregrinación polos distintos departamentos para descubrir onde está a documentación.

O día 1 de abril no departamento de Urbanismo dinme que non teñen esa documentación e que me dirixa a Alcaldía.

En Alcaldía o asesor de Alcaldía saca unha fotocopia das peticións que levo e dinnos que contestará por correo electrónico. O día 3 de abril este mesmo señor dime que é cousa doutra persoa, que nese momento non está pero que me chamará.

O día 16 de abril esta persoa mándame de Alcaldía a Urbanismo, de Urbanismo a Contratación e en Contratación din que van falar con Felipe Andreu e que me chamarán.

Ata hoxe, nada de nada. É por isto que traemos a pleno este rogo.

Pode responder o Sr. alcalde concretamente neste pleno e por escrito tal e como solicitamos a todas estas cuestións?

O Sr. alcalde contéstalle que, polo que se refire aos folletos, el non se mete coa súa campaña, pode facela como queira, pero de momento aquí el é o alcalde, e como tal alcalde se presenta. E á pregunta de quen os pagou, dille que os pagou el.

Sobre o resto dos puntos vaille contestar, pero é que o Sr. García Patiño pretende que os servizos municipais e os funcionarios estean facendo fotocopias para el. El contestoulle que ten a información á súa disposición no departamento municipal correspondente. Se pregunta por unha cousa de urbanismo, ten que ir a urbanismo, o que pasa é que hai veces que vai e pregunta polo arquitecto e outras veces vai e pregunta pola funcionaria. El non sabe quen llo contestou, pero pode dicirlle que cando recibiu este rogo, el directamente colleu o teléfono e falou co segundo responsable de urbanismo, que é o arquitecto, díxolle que lle facían este rogo e preguntoulle que lle podía dicir do tema. A contestación foi que estaba no seu despacho a disposición de quen o pedira, e el,

pola súa parte, díxolle ao arquitecto que se llo pedían, que estaba á disposición de calquera concelleiro que o fixera, e o arquitecto contestoulle que así o facía sempre.

En canto ao tema da publicación, pregúntalle que quere que lle diga a iso de que o día 6 de marzo por rexistro de entrada solicitaron información respecto da publicación en 'La Voz de Galicia'. Dille que 'La Voz de Galicia', igual que 'A Opinión', igual que 'El Ideal', pode publicar o que lle dea a gana. E iso de que a Xunta lle obriga ao Concello de Cambre a incluír no Plan xeral algo, pregúntalle que como que lle obriga.

Conclúe dicindo que 'La Voz de Galicia' publicará o que queira, agora ben, se o Sr. García Patiño lle trae a un pleno o que poñen os xornais, pídelle que lle perdoe, pero que el non está acostumado a facer política así polos xornais.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dille ao Sr. alcalde que ás próximas eleccións preséntase como candidato do seu partido, do PP, non se presenta como alcalde ás próximas eleccións municipais. Ten que ter claro que isto non é seu, non se presenta como alcalde ás eleccións, preséntase como candidato, igual que se presenta el mesmo e se presentan o resto dos compañeiros, polo tanto, non pode ir dicindo por aí que o equipo do alcalde se presenta, non, o razoable sería dicir que é o equipo do candidato do PP. Iso sería o razoable, polo menos cre que sería de sentido común, que é do que eles adoitan falar.

Engade que el non cre que os funcionarios estean para sacar fotocopias para eles, só faltaría, de feito en UxC deben ser dos poucos que lles facilitan moitísimo o traballo aos funcionarios, pero cando o Sr. alcalde necesita un informe, pídello a un funcionario, e é normal, non vai el sacar a fotocopia, e dille ao alcalde que el tamén ten o seu traballo e vive del.

O Sr. alcalde intervén para dicir que o Sr. voceiro de UxC sorprenderíase.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille que el saberá se vai sacar fotocopias, pero mal feito, porque como alcalde ten que xestionar outras cousas e non sacar fotocopias, pero alá el. Volve dicirlle que el vive do seu traballo e que a el deixar o traballo para vir facer xestións no Concello de Cambre cústalle moitos cartos. El faino porque é o seu labor, pero o que non entende é que lle estean puteando, porque se o Sr. alcalde lle di que a documentación está en tal departamento, ou que a ten tal señor, ata aí entenderíao, pero que lle diga que está no departamento correspondente, pregúntalle se ten que ser el o que saiba en que departamento está. Di que claro que ten que facer unha peregrinación e que o mandan dun lado a outro, e non lla dan.

El pediu esa información por escrito, e xa llo dixo dende principios de lexislatura, que cando lle pide algo por rexistro, teñen que contestarlle por rexistro. Ese é o seu dereito e esa é a obriga do Sr. Rivas como alcalde, a el e a todos os veciños de Cambre, contestarlles por escrito. O porqué non o fai é porque todo isto é mentira. Cando o Sr. alcalde vende en 'La Voz de Galicia', que o fixo, un aparcadoiro no Temple que é imposible facer a día de hoxe, venlle moi ben para as eleccións, pero está mentindo. Dille que propoña no seu programa electoral que vai facer ese aparcadoiro, iso parécelle moi ben, pero se o xornal di que esa manifestación vén dende o Goberno local, pois el colle e pregúntalle ao Goberno local se iso é certo, e pide que lle contesten por escrito, que están falando do día 6 de marzo. Podía terlle contestado por escrito e dicir que iso é mentira, e xa está, e el quedaba contento, pero o que si lle pide é que lle conteste, que é o seu dereito, porque se non o fai pregúntalle que quere que pense.

Conclúe dicindo que ten que facer esa peregrinación que lle obriga a dar o Sr. alcalde, cando seguro que a el non lle gustaría estar na oposición e que lle foran metendo pedras como as que el lles mete a eles. Tiña moi fácil dicir que estaba no departamento de urbanismo e que o tiña fulaniño, ou senón, mandárllelo por rexistro, pero non o fai.

O Sr. alcalde manifesta que el pensaba que o Sr. García Patiño tiña outro concepto da política. Pregúntalle se de verdade cre que é el o que pon pedras no camiño. Iso é como cando UxC quixo rehabilitar a ponte antiga da Xira, ou paralizar as rotondas do centro de Cambre, e agora resulta que é el quen pon pedras no camiño.

Don Óscar Alfonso García Patiño intervén para dicir que iso da ponte el recoñeceu que foi un erro pola súa parte, que a lectura desa moción non estaba ben, e segue a recoñecelo hoxe en día, por iso a retiraron. Por outra parte, el non dixo nada das rotondas de Cambre, e tampouco foi el quen prometeu un parque no Graxal, no parque Ramón Barba. El non foi, foi o Sr. Rivas.

O Sr. alcalde dille que el deixouno acabar.

Don Óscar Alfonso García Patiño pídelle perdón.

O Sr. alcalde di que menos mal, porque reitera que el deixouno acabar, pero a el tivo que chamarlle a atención dúas veces.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, e don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, piden a palabra para intervir.

O Sr. alcalde manifesta que el non sabe o que di o Regulamento orgánico municipal, que o tema debateuse e non sabe se poden intervir os demais grupos. Se é que poden, entón dilles que adiante.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que só quere facer unha pequena aclaración. Di que o grupo de EU non trae rogos a este pleno porque levan catro anos aquí, onde presentaron máis de 600 iniciativas, entre elas 230 rogos, e a maioría deles deben estar esquecidos no caixón do Goberno, entón, o que non fixeron en catro anos, malamente o poderán facer nun mes, por iso di que esta é a súa forma de protesta, non presentar rogos para este pleno, ese é o motivo, que máis de 230 rogos que presentaron non tiveron resposta por parte do Goberno. Algúns deles aprobáronse aquí, por varios concelleiros, e aínda están agardando que se executen. Di que esa é a política do Goberno de Cambre respecto das iniciativas que presentaron os grupos, a pesar de que a Sra. concelleira de Facenda dicía antes que non presentaban iniciativas.

Conclúe dicindo que non quere pecar de falsa modestia, pero cre e asegura que foron o grupo neste concello que durante estes catro anos máis iniciativas presentaron.

Don José Manuel Lemos Seoane manifesta que simplemente, non por nada especial, pero di que lle queda unha dúbida. Cando no rogo que fai UxC preguntan polos folletos e o Sr. alcalde contesta que el é o alcalde, e os pagou el, gustaríalle saber, porque non o ten claro, se os pagou como Manuel Rivas ou como alcalde de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que está claro, que os pagou como Manuel Rivas, candidato á Alcaldía de Cambre polo Partido Popular.

### **4.3. Preguntas**

#### **Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 0/3544 o día 25 de abril de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Denuncian veciños do Temple que en datas pasadas un vehículo se mantivo aparcado diante da saída dun garaxe, identificado con sinal de vao permanente, ao longo de todo un fin de semana, sen que os veciños do

inmable puideran sacar os seus vehículos. Requirida a policía local manifestoulles que o concello non contaba con servizo de guindastre.

Por todo iso este grupo pregunta:

Ten coñecemento o Goberno deste feito e que medidas ten pensado adoptar para que non se volva producir un feito como o denunciado?

O Sr. alcalde contesta que si, que o Goberno de Cambre ten coñecemento dese feito e saben o prexuízo causado, pediu un informe á Policía local. Tamén saben que dende agosto teñen sen contratar o servizo de guindastre, porque a empresa rexeitou a prórroga do contrato. Non lle beneficiaba en nada e, lóxicamente, non quixo prorrogar o contrato.

Polo tanto, di que lle propuxeron ao Consorcio As Mariñas consorciar o servizo de guindastre. En principio estaban todos de acordo, todo estudado e con orzamentos, pero descolgouse o Concello de Oleiros e sacouno a contratación pola súa banda. Ese concurso quedoulle deserto, porque ninguén se presentou, co cal volveron retomar o asunto para que sexa o Consorcio quen contrate o servizo de guindastre. Hai que salientar que Cambre tiña un contrato por 16.800 euros/ano, por exemplo Oleiros sacouno por 256.000, e aínda así quedoulle deserto.

En canto a este caso concreto, hai que dicir que iso non é habitual, non é un tema que sexa frecuente, é un caso illado que xurdiu. Chamouse a guindastres Garaboa, non quixeron intervir, porque é tirarse pedras contra o seu propio tellado, e houbo que agardar ao día seguinte, localizouse ao propietario e ao final localizouse un guindastre e sacouse o coche da porta do garaxe.

De todas maneiras di que lles pasará o informe da Policía local que mandou facer onte e lle deron hoxe.

2ª Ao final da rúa Castiñeiro, o noiro da vía ferroviaria estase derrubando día tras día sen que Adif teña adoptado medida ningunha para evitar que a súa caída afecte ao viario de titularidade municipal.

Por todo isto, este grupo pregunta:

Tense posto en coñecemento de Adif esta situación e, en caso afirmativo, que medidas ten previsto adoptar?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro delegado da Área de Obras e Servizos, contesta que descoñecía o tema e a verdade é que tampouco lle deu tempo ir velo. Di que a vindeira semana irá velo.

### **Preguntas de UxC presentadas por escrito**

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que visto o visto, vanse sumar á iniciativa de EU e van retirar as súas preguntas, isto en protesta por como levou o Sr. alcalde estes catro anos os rogos e preguntas, e quedou claro nestes últimos rogos de UxC, por como o Sr. alcalde contestou ás cousas.

A continuación, toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que antes de levantar a sesión dálle as grazas a todos os concelleiros polo labor desenvolvido nestes catro anos, algúns seguirán aquí, outros non seguirán, pero deséxalle sorte a todos nas eleccións e dálles as grazas.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que aínda que non será o último pleno, haberá un pleno posterior, el quixera agradecer tamén o clima de traballo entre todos os grupos que se desenvolveu ao longo destes catro anos, evidentemente coas súas diferenzas. Cre que polo menos aos

grupos da oposición o que lles ten inspirado, e evidentemente ao Goberno dende a súa vontade tamén, é intentar mellorar a calidade de vida dos veciños e atendelos o máis adecuadamente posible.

Tampouco quere deixar a oportunidade de agradecer a todos os veciños de Cambre que os acompañaron nestes plenos, a súa presenza e o seu apoio. Agarda que o exemplo que teñen transmitido de traballo dende toda a Corporación teña cuberto as súas expectativas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el non pretende darlle a esta despedida ningún aire de solemnidade, e menos de axuste de contas. Quere dicir que se vai, non está farto da política, pero cre que non é cuestión de pasarse a vida no concello e el está aquí por propia convicción, por ideas, cre que a política é unha vocación.

Tamén quere dar as grazas a cantas persoas lle facilitaron o seu traballo neste concello e lle fixeron a vida máis agradable, e agradecérllelo tamén a todos os compañeiros e compañeiras e sobre todo aos veciños de Cambre e aos compañeiros de EU. Quere rematar dicindo que ninguén é imprescindible na política, el vaise satisfeito de ter dedicado o seu esforzo a mellorar o Concello de Cambre, que en definitiva debe ser o obxectivo de todos os concelleiros, sexan da cor política que sexan.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que quere agradecerlle aos compañeiros, e en especial aos que non están, Antonio Orosa, que tivo que deixar o seu posto polo que todos saben, e a Eugenia Mantiñán que tampouco está, compañeira deles en UxC, a todos os concelleiros, por ensinalles a facer política, pouco a pouco, aínda que é moi duro e, en especial de corazón, dálle as grazas a Luis Taibo, pola súa honradez e polo seu traballo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral  
M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia